



**ADOLFO SUÁREZ**

Campo Vidal presenta unha biografía sobre o ex presidente, que hoxe cumpre 80 anos **P7**

**8Belts, habla chino en 6 meses o recupera tu dinero.**

Método usado ya por los ejecutivos de Telefónica, Repsol y el embajador de España en China  
Envía la palabra **curso** (espacio) **nombre** y **apellidos** al 27775 para más información



ENSEÑANZA ONLINE + CONVERSACIONES INDIVIDUALES CON NATIVOS  
**8Belts**  
habla chino en meses

Coste SMS: 1,45 €/SMS IVA Incluido. Mayores de 18 años. ATS S.A. Apdo. de Correos 18070 Madrid 28080. informacion@atssa.es N° Atn. Cliente: 902501737

# de los sa ven res

O gratuito galego

Vigo/A Coruña/Ourense/Lugo/Santiago/Pontevedra/Ferrol

MARTES.25.09.2012 > ANO.7 > N°.1.276

ESPAÑA

**CiU propón unha consulta ao pobo catalán sobre a independencia**

O PP repróchalle ao PSOE que agora defenda un modelo de Estado federal **P7**

GALICIA

Buscan en Venezuela dous empresarios de Ourense e Tenerife que foron raptados **P3**

VIVEIRO

O socialista Melchor Roel bota do goberno o BNG e queda en minoría na alcaldía **P6**

**> deportes**

FÚTBOL

**DÉPOR** Sofre ante o Sevilla (0-2) a primeira derrota en Liga



FÚTBOL

**R. MADRID** Supera por 0-2 o Rayo xa con luz en Vallecas



Fernández Liñares, onte dirixíndose ao furgón da Garda Civil para ser trasladado a prisión. > Eliseo Trigo

## A xuíza envía ao cárcere a Liñares logo de declarar case 10 horas

> O ex edil socialista en Lugo e ex titular da CHMS admitiu subornos e que recibía **3.500 EUROS** ao mes de Vendex **P4**

O alcalde de Boqueixón deixa o seu cargo logo de 21 anos

Adolfo Gacio, do Partido Popular, vai seguir por agora como concelleiro **P4**

Suspendido de militancia no PSOE o rexedor de Ourense

Francisco Rodríguez resístese a dimitir malia aumentar a presión sobre el **P4**

**AUTO ESCUELA Marte**  
La primera de Galicia

**¡¡¡Aprobarás!!!**

- Flota propia de vehículos pesados
- Pistas de aprendizaje
- Total disponibilidad de horarios en clases prácticas y teóricas
- Test por ordenador

www.autoescuelamarte.com

A CORUÑA Al lado de tráfico  
☎ 981 294 119  
A CORUÑA, AV. NAVARRA, 1  
☎ 981 903 158  
SAN PEDRO, CAMBRE  
☎ 981 663 801  
MELIDE  
☎ 981 505 460

**CURSOS DE MATERIAS PELIGROSAS (ADR)**  
**CURSOS CAP:**  
VIAJEROS Y MERCANCÍAS  
NUEVOS PERMISOS DE MOTO

**SHA LOM** Homologado por FENACO  
CENTRO SUPERIOR DE FORMACIÓN

**Curso de NATUROPATÍA**  
**MATRÍCULA ABIERTA**

www.centro-shalom.com - 986 12 60 80  
Vigo - Ourense - A Coruña

o tempo

AC	19	15
SC	15	13
FE	17	14
PO	17	15
VI	18	15
LU	15	12
OU	18	14



## Sebastián converte o galego Blanco en 'tema do momento' en Twitter...

O ex ministro **Miguel Sebastián** converteu a **José Blanco** en *trending topic* en Twitter ao comentar en *Salvados* que o de Palas o correxira cando tentou, hai anos, meterlles man aos bancos. "O Goberno ten que ter paciencia infinita cos bancos", díxerlle o *número* *dous* do PSOE, criticado agora nas redes sociais.

**>gorxa  
rouca**

Por Álvaro Sal

## ... e Joaquín Leguina 'dispara' con bala contra Chacón e o seu marido

En *El Mundo*, **Joaquín Leguina** ataca sen contemplacións a **Carme Chacón**, á que confesa terlle "manía". E di que ela e o seu marido, **Miguel Barroso**, que é o que "manexa o cotarro", fixeron "moito dano". Tamén *dispara* o ex presidente socialista de Madrid contra **Miguel Sebastián** e **Zapatero**.

## Juan Antonio Alcalá segue os pasos de Guardiola e 'emigra' aos EE UU

Outro que se vai a USA: o xornalista deportivo **Juan Antonio Alcalá**, que se tomará un ano sabático (como **Pep Guardiola**, que vive en Nova York coa familia). Alcalá foi relegado pola Cope, que tivo que pagar 200.000 euros ao Barça tras acusalo el mesmo de dopaxe cando presentaba *El partido de las 12*.

Rajoy viaxa a Nova York para 'vender a marca España'



>santygutierrez.com

**>galeg@s**

**GLORIA SERRANO  
CONEJERO  
COCINEIRA**

"Todos os días fannos pedidos polo Facebook, onde publicamos o menú de cada xornada"

M.S.S.

**P ¿Un sinónimo de Galicia?**

**R** Mar.

**P ¿Que quería ser de pequena?**

**R** Cirurxía.

**P ¿Un lugar para perderse?**

**R** Na natureza en estado puro.

**P ¿Que é Más que Platos?**

**R** É unha empresa que traballa para cubrir as necesidades gastronómicas de cada fogar: traballadores sen tempo, anciáns, persoas que viven soas, estudantes, con intolerancias (celíacos, alérxicos...).

**P ¿Como xurdiu a iniciativa?**

**R** En realidade xurdiu para ser o obradoiro de 5 Sentidos, pero sorprendeunos a forte demanda de comida para o día a día; polo que decidimos traballar para sacar adiante ambos os proxectos.

**P ¿Que acollida está tendo?**

**R** Moi por riba das perspectivas iniciais. A fidelización de clientes está sendo un traballo diario e continuo que nos está sorpren-



**Gloria Serrano Conejero**

**Nada en Suíza en 1971,**

con tres anos veu vivir a

Pontevedra, onde reside

**Comezou na hostalería**

con 18 anos e, tras sete de

experiencia, montou a súa

propia cafetería na cidade

**Agora ten a empresa de**

catering 5 Sentidos e Más que

Platos, de comida preparada

e a domicilio en Pontevedra

dendo con óptimos resultados.

**P A súa empresa ten moita presenza nas redes sociais.**

**R** Fannos pedidos por Facebook, onde publicamos o menú que sae á venda cada día. Hoxe en día é imprescindible para o desenvolvemento de calquera negocio.

**Tu ahorro y tranquilidad es nuestro compromiso**

**inserirnos**

C/Genaro de la Fuente,11-36205 VIGO Telf.:986 134 153  
C/Cruz Roja,22-36002 PONTEVEDRA Telf.: 986 848 172  
C/Progreso,127-32003 OURENSE Telf.: 988 371 761

Electricidad-Fontanería-Calefacción-Oficina Técnica-Energía Renovable

## >cóntanos

E-MAIL>xornal@l-v.es

WEB>www.l-v.es

SMS>649 953984 / 647 595648

### O Goberno luso cede

O Goberno portugués finalmente cedeu: que sexan os cidadáns os que decidan.

MurodeBerlin. www.l-v.es

### Abuso tras abuso

¿Preparados para unha nova suba do gas e a luz de entre o 7% e o 25 por cento? ¡Isto é abuso tras abuso!

Aptadocinturon. www.l-v.es

### Santiago Carrillo

Lembraremos a Santiago Carrillo como unha figura clave na primeira transición española. Xa non quedan políticos como os de antes pero xuntos (somos o 99% contra o 1% que representa a minoría privilexiada) podemos.

ReiBabar. www.l-v.es

### Alejandro Valverde

Parabéns a Alejandro Valverde,

bronze no Mundial de ciclismo. Hai que recoñecer que o ataque da selección belga no Cauberg foi demoledor. Gilbert foi un xusto gañador.

Cuncodeleite. www.l-v.es

### 'Doraemon'

A operación *Pokemon* tiña que chamarse en realidade *Doraemon*, porque o gato cósmico ten un peto máxico.

Anónimo. SMS

### Unha cita moi vixente

"Ignoramos a nosa verdadeira estatura ata que nos poñemos en pé" (Emily Dickinson).

Nifunifa. www.l-v.es

## >flash



### Xacementos inéditos e singulares nas Illas Atlánticas

Foto facilitada polo Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) relativa ao traballo que levan a cabo uns arqueólogos na illa de Ons, dentro dun proxecto multidisciplinar a través do Incipit que localizou máis de sete xacementos arqueolóxicos inéditos e singulares no Parque Nacional das Illas Atlánticas. Tamén identificaron puntos con conxuntos de materiais tanto líticos como cerámicos ou de metal. > EFE

## LV de LUNSAVENRES

Edita:  
**Galicia Proxectos de Comunicacions S.L.**

Depósito Legal: LU-471-06

GRUPO EL PROGRESO

Presidenta:  
**Blanca García Montenegro**

Director:  
**Alfonso Á. Riveiro**

### Coordinadores:

Martín García Piñeiro, Ana Conde e María Marqués

**Director de Comunicación e Márketing:**

José Manuel Pérez-Bouzada

**Responsable Comercial:**  
Natalia Pena Rodríguez

**Director Administrativo:**  
José Manuel Rouco

**Xefe de Distribución:**

Alfonso Roca

### Dirección Postal:

Fernando de Casas Novoa, 35 A-1ºB

15707 Santiago de Compostela

Tel.: 981-568743 Fax: 981-585832

E-mail: xornal@l-v.es

### Contratar Anuncios:

Tel: 981-568743 / 981-552530

### E-mail:

publicidade@l-v.es

### Contratar Distribución:

Tel: 982-298128





Co outono chegou tamén o primeiro temporal no mar, como se ve en Arteixo. > Cabalar

# Nova alerta por vento e chuvias

> Refachos de ata 85 km/h e precipitacións de ata 40 litros en Pontevedra e na Coruña

LV / Axencias

Un total de 14 provincias españolas estarán este martes en alerta amarela por vento, con refachos que alcanzarán os 85 quilómetros por hora nalgúns puntos, e fenómenos costeiros, segundo Aemet. Entre elas están A Coruña, Lugo e Ourense. Precisamente en Galicia volveron superarse onte os ventos de cen por hora en Cedeira e o primeiro temporal do outono deixou máis de cen incidencias.

Pero ademais da alerta de Aemet por vento, Meteogalicia

establece para hoxe outra alerta amarela nas provincias da Coruña e Pontevedra, neste caso por chuvias de máis de 15 litros nunha hora e ata 40 litros acumulados en doce horas ao longo da xornada.

En canto ao litoral galego, na Mariña luguesa espérase mar de vento que pode ter forza 7.

E mentres se agarda a melloría de cara ao xoves, Aemet tamén confirmou que a tormenta tropical *Nadine* se está afastando de España e xa non está previsto que afecte o territorio galego.

## Outras novas do día

**Vigo** Un mozo de 28 anos foi detido tras ser sorprendido cando conducía baixo a influencia do alcol, ao dar positivo nun control na urbe

**A Coruña** Deteñen unha parella de mozos de 24 e 19 anos ao ser sorprendida cando trapicheaban con drogas na terraza dun bar do Orzán

**Bertamiráns** A Garda Civil detivo un home como suposto autor do roubo de obxectos por valor de dous mil euros nunha vivenda deste núcleo

**Palas / Noia** Detido un veciño de Palas de 62 anos por ter unha planta de marihuana nun invernadoiro e un de Noia de 40 por cultivar ata 50 plantas

**Vilalba / Vigo** Un incendio calcinou na noite do domingo un vehículo nun garaxe na vila luguesa e outro, un coche na cidade na madrugada do luns



**Ourense** Un matrimonio e o seu fillo de 6 anos intoxicáronse por monóxido de carbono e sufriron queimaduras leves polo incendio no piso —na imaxe—

**Porto do Son** Un lume iniciado nun microondas queimou parte dunha cociña-salón e o falso teito dunha casa na parroquia de Xuño. Non houbo feridos



## Achan o cadáver dunha muller nunhas rochas de Oia

Unha muller foi achada falecida na mañá de onte nunha zona de rochas do municipio pontevedrés de Oia, a uns 500 metros de onde se atopa o mosteiro. Aínda que en principio parecía que o corpo presentaba queimaduras e mazaduras, a Garda Civil descartou signos de violencia externos e atribuíu esa sensación a que o cadáver levaría uns seis días na auga. O alcalde de Oia, Alejandro Rodríguez, que se dirixiu ao lugar con tres concelleiros cando recibiu o aviso ao mediodía, calculaba unha idade de 20 a 30 anos, pero as autoridades elévana de 40 a 45. Iso si, o rexedor cre que "non é de Oia" e interpretou que as mazaduras e queimaduras que presentaba o cadáver podían ser froito dunha morte violenta. A Garda Civil investiga agora este estraño suceso. > Sxenick

## ¿sabíasque...?

**Un home faleceu en Lousame logo de caerlle enriba un piñeiro cando traballaba na leira**

Foi en Fontefría, na parroquia de Toxosoutos. A vítima, de 46 anos, é J.F.S., de Rois

## Un empresario de Ourense de 73 anos foi secuestrado en Venezuela o venres

EFE

Dous empresarios españois xubilados, o galego Lino Núñez Álvarez, de 73 anos, e o canario Gregorio Olivero García, de 71, foron secuestrados en Venezuela nos últimos días.

Núñez, oriúndo da provincia de Ourense, en concreto de Quintela de Leirado, foi secuestrado o venres pola tarde no seu apartamento en Higuero, poboación oriental próxima a Caracas onde ten o seu negocio. Residía en Venezuela desde hai máis de 30 anos e foi visto por última vez no seu vehículo, un Jeep Grand Cherokee de cor gris.

Horas despois, os familiares da vítima recibiron unha chamada telefónica na que os raptos confirmaron que o empresario fora secuestrado.

LUGO

## Achan o corpo da anciá desaparecida en Palas

Efectivos do dispositivo de procura de Carmen Vázquez Vizcaíno, a veciña de Palas (Lugo) de 86 anos que desaparecera o pasado venres, achou onte o cadáver a uns 4 quilómetros do domicilio familiar. Estaba preto do río Pambre, na zona de San Pedro de Meixide.



Grandes atascos, onte na Coruña. > TVE

A CORUÑA

## Atascos quilométricos por dous accidentes

Dous accidentes de entrada e saída á cidade provocaron retencións de ata oito quilómetros na Coruña e os seus accesos por Alfonso Molina e As Xubias. Iso si, non houbo feridos malia haber ata once vehículos implicados, seis nun accidente e cinco noutro.

VIGO

## Detido por agredir a súa muller diante da filla

A Policía Local de Vigo detivo un individuo natural de Redondela de 37 anos como presunto autor dun delito de violencia de xénero, pola suposta agresión á súa muller, á cal tamén ameazou de morte no barrio da Dobrada. Fíxoo, ademais, en presenza da filla desta.



# IV FORO NACCE

## INNOVACIÓN EN EMPRESAS TIC DE GALICIA-NORTE DE PORTUGAL



Asistencia gratuita previa inscripción en:  
[www.nacce.es](http://www.nacce.es)

la innovación es el camino del éxito  
a innovación é o camiño do éxito

**27.09.12** CENTRO DE COMPUTAÇÃO GRÁFICA  
Campus de Azurém. 4800-058 Guimarães  
Portugal

Proyecto / Proxecto NACCE  
Núcleo de Apoyo a la Competitividad y Creación de Empresas TIC  
Núcleo de Apoio á Competitividade e Creación de Empresas TIC





# O alcalde de Boqueixón dimite polo 'Pokemon' e o PSOE suspende de militancia o de Ourense

> Francisco Rodríguez aférrase ao cargo a pesar de que a presión sobre el se fai insostible e anuncia que vai recurrir o caso > Adolfo Gacio deixa a alcaldía tras 21 anos pero anuncia que continuará como concelleiro

LV / Axencias

A operación *Pokemon* cobrou onte a súa primeira vítima política tras confirmarse a renuncia do alcalde de Boqueixón, o popular Adolfo Gacio, quen a noite do venres quedara en liberdade con cargos tras pagar unha fianza de 10.000 euros. Gacio seguiu os consellos da cúpula do PP coruñés e optou por deixar o posto de rexedor, que ocupou durante os últimos 21 anos.

Pero máis resistencia parece mostrar o socialista Francisco Rodríguez, alcalde de Ourense, que ao peche desta edición non presentara a súa dimisión a pesar da presión do seu partido –en Ferraz e Galicia– e do ultimátum do seu socio na alcaldía, o BNG.

De feito, o PSdeG solicitou a última hora de onte á executiva federal do PSOE a “suspensión cautelar de militancia” de Liñares e de Francisco Rodríguez, segundo unha conversa entre secretario de Organización do PSdeG, Pablo García, e o seu homólogo no PSOE, Óscar López. Así, tal petición poderíase facer efectiva de forma inmediata.

## O PP DEU O PRIMEIRO PASO

Mentres a xuíza Pilar de Lara continuaba cos interrogatorios en Lugo, a actividade política vinculada á operación *Pokemon* concentrábase noutras dúas capitais provinciais, A Coruña e Ourense.

Na primeira, o presidente do PP

## ¿Por que recibiu o nome de Pokemon?

A operación *Pokemon* recibiu ese nome porque os implicados usaban alcumes cando falaban por teléfono, entre eles os personaxes da popular serie animada infantil. Empezaron a tomar estas precaucións a raíz do caso *Carioca* e por medo ás escoitas. Tampouco faltaba a sorna. A Liñares referíanse como Tkachenko, pola baixa estatura –Tkachenko foi un xogador de baloncesto da URSS de 2,21 metros–. Pero outro alias era Garbancito. Puñales, Pulpo ou Chinés son outros nomes xa identificados, pero falta agora descubrir quen é O Cura –ao que tamén se refíren como o Número Un–.

coruñés, Carlos Negreira, trasladaba a Adolfo Gacio a necesidade de que deixase o cargo. O alcalde de Boqueixón xa coñecía tamén a opinión do presidente do partido, Alberto Núñez Feijóo, que pola mañá invitou a Gacio a facer unha “reflexión profunda”.

O PP galego confirmou sobre as 21.30 horas a súa renuncia e a súa intención de continuar na corporación local como concelleiro. Isto supón na práctica abortar os plans



Rodríguez, onte no pleno, e Gacio. > EFE

que tiña Adolfo Gacio antes de que estalara a operación *Pokemon*, xa que pensaba marchar a Venezuela para ocupar un cargo diplomático.

Adolfo Gacio mostrouse “moi tranquilo” tras anunciar a dimisión. O seu avogado, Julio Lois Boedo, sinalou que a determinación de deixar o cargo de alcalde tomouna Gacio “de xeito voluntario”. Decidiu “dar un paso atrás” para “evitar que se utilicen politicamente” as sospeitas que recaen sobre el, consciente

## A xuíza envía a Liñares ao cárcere tras delatar 50 empresas que o subornaron

> O ex edil socialista de Lugo admitiu recibir cada mes 3.500 euros de Vendex

El Progreso Freire / Olarte

Francisco Fernández Liñares, ex concelleiro socialista en Lugo e ex presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS), ingresou onte á noite na prisión de Monterroso tras confesar a súa implicación na operación *Pokemon*.

A xuíza Pilar de Lara ordenou o seu ingreso no cárcere monterrosino e a súa incomunicación, para evitar que se relacione co outro implicado que está preso en Bonxe, o dono da empresa Vendex, Gervasio Ronaldo Rodríguez, tamén incomunicado.

A declaración de Liñares estivo condicionada polas abafadoras probas que os investigadores reuniron nos últimos meses contra el. Probablemente xa sabía que estaba perdido e por iso desde o primeiro momento mostrouse colaborador

coa Xustiza e arrepenido, confesando boa parte dos feitos.

Dez horas de declaración –só interrompidas por un receso de algo máis de 60 minutos– deron para varias decenas de folios de testemuño autoinculporio. Liñares confirmou que favorecera a empresa Vendex e que por iso recibía cada mes un paquete con 3.500 euros.

O ex edil, man dereita do alcalde López Orozco durante varios anos no Concello de Lugo, asumiu que o diñeiro o repartían o propio Liñares, Javier Reguera –encargado da empresa da ORA na capital lucense–, e o delegado da empresa en Galicia, o monfortino José María Tutor. Con todo, este último asegurou que non era así e que todo o diñeiro o levaba o político socialista.

As conversas telefónicas reve-

lan que ese diñeiro ía destinado tamén a outras persoas, entre elas o “número un”, pero Liñares negouno por completo e manifestou que o repartían os tres citados.

Os 3.500 euros chegaban preparados en paquetes por Seur desde a sede central de Vendex en Madrid á oficina principal en Galicia, na Coruña. Segundo dixo, Reguera era quen se desprazaba por eles.

Con todo, aínda que supostamente levaría meses recibindo estas cantidades, apenas se atopou diñeiro nos rexistros levados a cabo nos seus domicilios da rúa Conde e do barrio da Ponte o venres.

## UNHA LISTAXE REVELADORA

Pero o verdadeiro bombazo da declaración de Liñares estaba aínda por chegar. O ex edil, que actual-

## O operativo esténdese e xa chega a Sabadell

Os funcionarios de Aduanas xa comezarían a extensión da operación *Pokemon* a outras localidades de España, comezando por Sabadell, onde o Concello é un dos principais clientes da firma madrileña Vendex. Ao parecer, o irmán do alcalde mantería reunións co xefe da empresa, o cubano Rolando Rodríguez, agora encarcerado pola xuíza De Lara. Estes rexistros en Sabadell confirman que a operación non fixo máis que empezar e que podería ter ramificacións en varias provincias españolas. De feito, a intervención dunha axenda do titular de Vendex con pagos a políticos é a clave.

de que “pode supor un prexuízo para o seu partido”, o PPdeG.

Gacio confésase “inocente”, recalca que quere defenderse como un “cidadán máis” e manifesta que abandona a alcaldía de forma “totalmente voluntaria e inmediata” por respecto “a todos os seus veciños”.

## O PULSO DE OURENSE

Máis complexa parece a situación en Ourense. A xornada de onte estivo marcada polo incremento da

presión sobre Francisco Rodríguez por parte dos seus compañeiros de partido e dos seus socios de goberno, pero o aínda alcalde mantíñase no cargo ao peche desta edición. O momento culminante foi a petición de suspensión de militancia que partiu desde o propio PSdeG.

Pero as únicas declaracións de Rodríguez no día de onte foron a través dun comunicado e só para anunciar que recorrerá a súa imputación por considerala “inxusta e desproporcionada”. Todo iso, a pesar de que a xornada apuntaba a que Rodríguez si cedería.

De feito, o secretario xeral do PSdeG, Pachi Vázquez, asegurou que o alcalde “vai tomar decisións e estar á altura das circunstancias”. Pouco antes o propio Alfredo Pérez Rubalcaba confirmara que ao longo do día [por onte] o rexedor ourensán tomaría unha decisión.

Pero Francisco Rodríguez mantívose inalterable á presión do seu propio partido e tamén á do BNG. De feito, os nacionalistas trasladáronlle ao alcalde a súa posición nunha reunión na cidade das Burgas. A tenente de alcalde, Isabel Pérez, ratificou que a postura do Bloque pasa por saír do goberno –deixando o PSOE en minoría– se Rodríguez non marcha. Pérez non acudiu ao pleno extraordinario da mañá –para o sorteo das mesas electorais– e no que o alcalde da terceira cidade galega volveu ao cargo.



Liñares, onte no xulgado. > Sebas Senande

**“EU NON TIRO NADA”. ESTA FRASE TÍPICA DE LIÑARES ACABOU SENDO CERTA E ATA OS INVESTIGADORES SE SORPRENDERON DE QUE CONSERVASE TANTAS PROBAS**

Sobres, anotacións, resgardos... Apareceu de todo nos rexistros

mente seguía traballando para a CHMS desprazado en Lugo, confesou que leva máis dunha década recibindo subornos de empresas para outorgarles contratos públicos, en servizos e en obras.

Unhas poucas destas firmas xa estaban a ser investigadas, pero a maioría resultaron ser novas para a investigación. Liñares foi debullando nomes, ata un total que se achega a cincuenta.

Á cabeza está Construcións Sanle, propiedade doutro dos detidos, Manuel Santiso, pero tamén outras,

tanto de Lugo como doutros sitios. Teñen en común que non son grandes empresas e nelas ten moito peso a contratación pública.

Segundo os propios cálculos de Liñares, en ambas as etapas profesionais puido recibir varios centos de miles de euros, aínda que esta cifra é difícil de cuantificar.

A longuíssima declaración de Liñares obrigou a adiar o resto das previstas onte. Así, hoxe tocarallos por fin a quenda a Javier Reguera e a Manuel Santiso, os últimos dos trece arrestados na operación *Pokemon*.



# Noivos galegos ao Julia Roberts

> Verse plantado pola parella o mesmo día da voda aos pés do altar non é unha lenda urbana en Galicia, que xa rexistrou varios casos

Ana Conde [aconde@l-v.es](mailto:aconde@l-v.es)

Aínda que poida parecer de película, o certo é que en Galicia nos últimos anos houbo casos de noivos aos que no último momento lles entrou o pánico e, emulando o mítico filme de Julia Roberts, deixaron plantada a súa parella no altar o día da voda.

O último caso rexistrouse recentemente e foi o noivo o que non se presentou na igrexa. Porén, a ultraxada noiva botoulle valor á situación e, dado que xa tiñan o banquete practicamente pagado nun restaurante compostelán, foi capaz de facer de tripas corazón e ir comer tanto coa súa familia como coa do seu xa ex.

A avogada compostelá experta en dereito da familia María Sierra coñece outro caso “no que pasou exactamente o mesmo” noutra cidade que non concreta por segredo profesional. E no sector da hostalería confirman a existencia nos últimos anos dun terceiro noivo á fuga en Ourense, “o que amosa a inmadurez dos homes”, din entre risas.

Porén, elas tamén se arrepiñen a última hora. Alberto García, xerente do Hotel Jorge I de Lugo, lembra o caso dunha *Julia Roberts* lucense que lle mandou unha nota ao noivo cando este xa estaba no altar dicíndolle que podía deixar de esperar.

“O noivo díxolles aos convidados: “Señores, non hai voda, pero imos comer igual que o xantar está pagado”, recorda o hostaleiro con graza. Iso si, explica que, neste caso, moitos familiares da noiva rexeitaron a invitación, quizais polo violento da situación.

Hai quen acorda un pouco antes



Máis dunha galega quedou composta e sen noivo o mesmo día da súa voda. > LV

¿sabíasque...?

Os matrimonios que só duran a lúa de mel ou a noite de vodas tamén son unha realidade

42 racharon en 2011 cando non levaban un ano casados

afrase

“HAI QUEN SE DIVORCIA ANTES DE RECOLLER AS FOTOS DA VODA E NUNCA CHEGA A VIR POR ELAS”

Raquel, fotógrafa de enlaces

e lle evita á parella e á familia pasar por tan mal trago vestidos de festa, ao plantar a voda uns días antes. Nieves Viñas Mayán, presidenta da Asociación Galega de Cerimonias e dona dunha tenda de roupa de noivas, conta o caso dunha de Noia que unha semana antes do enlace se arrepiñiu “e anulou todo”. Peor o pasou outra de Vigo, á que o noi-

vo deixou plantada cando xa tiña o vestido comprado “e tivo que facer-se cargo soa de todo”.

Porén, a avogada di que, en caso de anulacións de última hora, “son os dous os que teñen que facerse cargo dos gastos”, casen ou non.

Quizais os que se arrepiñeron a última hora ou deixaron a parella plantada e sen noivo/a o día da

voda o fixeron xa con vistas a aforrar os trámites dun precoz divorcio.

E é que o “si, quero” cada día leva menos implícito o de “para toda a vida”. De feito, o ano pasado nalgún dos máis de 6.000 casos de divorcio de Galicia o compromiso contraído na voda nin sequera foi “para todo o ano”. O INE revela que 42 matrimonios galegos rotos en 2011 levaban menos de 12 meses casados, un dato que non chama a atención dos avogados matrimonialistas.

“Antes había que estar casado un ano para poder divorciarse, pero en 2007 houbo un cambio legislativo que reduciu o período a 3 meses, precisamente pola cantidade de xente que quería separarse antes”, explica Sierra.

O perfil das persoas ás que se lles acaba o amor en tempo récord é do máis variado, “desde xente maior que se coñece por internet e o final estaba cantado ata outros que están moitísimos anos de noivos e logo só aguantan casados 15 días”, afirma.

PARELLAS VIRXES

De feito, hai quen xa pide o divorcio “recentemente chegados da lúa de mel”. ¿Os motivos de tan prematuras rupturas? “Desde infidelidades a casos de maltrato”, pasando por casos nos que “a parella non tivera relacións sexuais antes da voda e a viaxe resulta nefasta neste sentido”.

Como nefasto e relampo foi o matrimonio dunha parella lucense á que o amor xa se lle acabou na mesma noite de vodas. “Regalamos o cuarto coa comida e cal foi a sorpresa do recepcionista cando ás 5 da mañá veu a noiva abandonando o hotel”, relata o xerente do Jorge I de Lugo. “Á mañá seguinte o noivo xa nos dixo que se acabara, e o divorcio confirmáronnolos os pais ao día seguinte, ao vir pagar o banquete”.

## Esborrallamento dos hoteis galegos tras o peor verán da última década

AGN

Os establecementos hoteleiros de Galicia pecharon co final do verán unha das temporadas altas máis frouxas en anos, co peor agosto desde o inicio da crise económica. De feito, os datos de visitas e noites pasadas que ten o INE non eran tan baixos desde hai unha década: caeron un 4,3% e fixérono tanto as visitas nacionais como as de fóra.

Por provincias, na Coruña a caída foi mínima –de apenas un 0,4%–, mentres que Lugo perdeu un 12,7%. Pontevedra rexistrou unha baixada do 5,3% e Ourense, dun 3,8%.

## Investigan se hai máis sospeitosos nas gravacións do roubo do ‘Códice’

LV / Axencias

As liñas de investigación ao redor da desaparición do *Códice Calixtino* da catedral de Santiago seguen centrándose en analizar con detalle as gravacións das cámaras de seguridade instaladas na basílica.

Fontes próximas á investigación descoñecen con exactitude a data na que o autor confeso, Manuel Fernández Castiñeiras, podería abandonar a prisión coruñesa de Teixeiro, onde está desde xullo.

De feito, invístanse as imaxes para ver se sae algunha xente máis o día do roubo.

### Novas de economía



**CC OO** O persoal do Forem de Galicia, dependente do sindicato, iniciou unha folga indefinida contra o ERE para 24 dos seus 35 traballadores co pago de 20 días por ano **Panrico** A fábrica de Donuts confirmou en Santiago ao persoal que ten un preacordo coa ourensá Halago e que se trata dunha medida “positiva” para o cadro de persoal **Condés de Albarei** O pazo Baion recolleu xa 20.000 quilos de uva en dous días, pero tivo que adiar a vendima polo mal tempo ata o xoves. Agardan uns 100.000 quilos



### O porto exterior da Coruña recibe o seu primeiro barco

A ministra de Fomento, Ana Pastor, manifestou que os accesos ferroviarios ao porto exterior da Coruña disporán de “todo o diñeiro necesario” en función “do que se poida facer tecnicamente”, durante a súa visita ás instalacións de Punta Langosteira, coincidindo coa visita do primeiro barco, o *Hammonia Korsika*, que embarca 35.000 toneladas de clínker que Cementos Cimpor exportará a Brasil. A ministra, que estivo acompañada dos alcaldes da Coruña e Arteixo, o delegado do Goberno e o presidente do Porto, confirmou que traballan tamén no traslado de Repsol a esa zona. > Cabalar

odíaennúmeros

16.428

Traballadores afectados por un ERE en Galicia de xaneiro ata xullo, un 43,2% máis que nese mesmo período do ano pasado

## Préstamos - Hipotecas

Estudio Gratuito y sin compromiso

-Dinero urgente, garantía hipotecaria

-Agrupación de tarjetas

-Descuento de pagarés

-ICO Autónomos

-Condiciones especiales para funcionarios

**AFIDEGA**

Servicios financieros

Doutor Teixeiro, 18 1ºM.15701 - SANTIAGO  
Tlf: 981 570 038 - [www.afidega.com](http://www.afidega.com)





### A frota de Mauritania concéntrase en Vigo

Medio cento de traballadores e armadores de cefalopodeiros galegos de augas mauritanas reuníronse en Vigo para pedir as axudas comprometidas polo Estado e a anulación do acordo co país africano.



### Centro pioneiro para a atención a maltratadas

Galicia contará en breve cun centro pioneiro na atención a mulleres maltratadas, que se situará en Santiago. Beatriz Mato, titular de Benestar, visitou o inmoble, que podería estar aberto a principio de ano.

### O PSOE de Viveiro expulsa o BNG do goberno municipal

As tensións no equipo de goberno que constituíron PSOE e BNG en Viveiro (Lugo) en xuño de 2011 foron finalmente insoportables para o alcalde, o socialista Melchor Roel, que onte anunciou a expulsión dos tres edís nacionalistas do bipartito ante unha situación "insostible", malia recoñecer que o seu socio funcionaba nalgunha área. Agora, Melchor Roel queda cun goberno en minoría integrado por seis concelleiros da súa formación.

## >porpalabras

### vehículos

#### SERVICARSLUGO

ventasvo@servicarslugo.com  
982 219 505

#### Ofertas de setembro

Volkswagen Passat, 2003, 5.800 euros;  
Renault Kangoo 1.5, 2007, 5.500 euros

www.servicarslugo.com

#### SERVITRUCKS

982 219 505

#### Ofertas de setembro

Scania P340 frigorífico, 2005, 38.000 euros;  
Iveco Daily 35C12, 2008, 16.900 euros;  
Toyota Hilux 4WD, 2007, 12.900 euros

### inmobiliaria

Alquilo piso amueblado en Santiago (calle Galeras), con vistas a la catedral. Cuatro habitaciones, trastero y dos plazas de garaje. Teléfono 981 937 594.

### varios

**JAVIER ARAUJO**  
CANTANTE  
IMITADOR  
Mas de 30 artistas  
nacionales e internacionais  
- Contratación abierta todo el año  
- 657 453 157-

Luna. Tarot. ¿Dudas? ¿Problemas? Visa 30 minutos. Sólo 10 euros!!! 902 944 027.

Recién divorciada. Atractiva. Rica. Busco sexo. Pago yo. 619 134 200.

**¡JUGUETONA!**  
803 443 329  
Precio Máximo: Red Fija 1,16 euro/min. Red Móvil 1,51 euro/min. IVA incluido. Mayores 18 años. ATS S.A. Apdo. de correos 18070 Madrid 28080

### emprego

Empresa de comunicación necesita comercial para Ourense. Teléfono 671 034 740. Email: nperodriguez@yahoo.es

Si eres estudiante con el 50% de los créditos aprobados o recién Licenciado/-a en Periodismo y/o Publicidad, y estás interesado/-a en adquirir experiencia

Te ofrecemos la posibilidad de hacer PRÁCTICAS REMUNERADAS en PONTEVEDRA

Envíanos urgentemente tu curriculum vitae con fotografía a [recursoshumanos.personal@gmail.com](mailto:recursoshumanos.personal@gmail.com)

y nos pondremos en contacto contigo lo antes posible

acitado21-0

# Feijóo descarta os pactos e di que utilizará só os seus votos

> Cre que sen maioría absoluta goberarán o "PSOE, os tres bloques e Esquerda Unida"

LV / Axencias

"Gobernarei cos escanos do PP, con ningún máis". Así de contundente foi onte o presidente da Xunta e candidato á reelección nos próximos comicios, Alberto Núñez Feijóo, fronte ás voces que desde a oposición apuntan a que podería pactar con Sociedad Civil y Democracia (SCD), de Mario Conde.

Nun almuerzo informativo en Ourense, o líder dos populares galegos proclamou que goberará "con 38 ou máis escanos", para engadir que se o PP non logra esta cifra os que se farán co poder serán "o PSOE, os bloques nacionalistas divididos en tres e Esquerda Unida".

Por iso, pediu o voto de quen quere "que governe o PP". "O que queira que non governe o PP pode votar a calquera, o demais é despirtar", manifestou Feijóo.



### Coas listas de Pontevedra

Feijóo asistiu onte á presentación da lista do PP por Pontevedra e dixo que o seu equipo "obxectivamente" merece "catro anos máis de Goberno, xa que tras combater a crise toca agora medrar. > EFE

Sobre os militantes do PP que irán agora con SCD, Feijóo resolveu a cuestión afirmando que ningunha destas persoas "milita no PP".

Doutra banda, o presidente

### Está case decidido que Rajoy acudirá o día 19 ao peche de campaña

O presidente do Goberno, Mariano Rajoy, quere participar no mitin do 19 de outubro que porá o broche final á campaña do PPdeG. Para poder facelo, deberá pór rumbo a Galicia inmediatamente despois de participar no Consello Europeo que se celebra en Bruxelas os días 18 e 19 de outubro.

A secretaria xeral do PP, María Dolores de Cospedal, asegurou onte que "está case decidido" que poida estar no peche da campaña galega, pero admitiu que a axenda do presidente "oscila moito".

autonómico, que foi presentado pola ministra Ana Pastor, garantiu os postos de traballo en Manzaneda e que a autovía de Celanova estará lista xa no presente ano.

### Jorquera pide aos galegos que sexan un "dique" fronte aos recortes do PP

LV / Axencias

O candidato do BNG á presidencia da Xunta, Francisco Jorquera, pediu onte aos galegos que convertan a comunidade nun "dique" contra os recortes do PP, encabezados polo líder do Executivo galego, Alberto Núñez Feijóo, e o presidente do Goberno, Mariano Rajoy.

Jorquera mostrou onte a súa convicción en Pontevedra de que os galegos teñen o 21 de outubro unha "dobre oportunidade" para pór fin ao "peor Goberno que tivo Galicia e plantar cara ás políticas de recortes de Rajoy". Para o nacionalista, Feijóo "non pensa en Galicia, xa que ten a mirada en Madrid".



### Pachi Vázquez promete en Sober "dignificar" o rural

O candidato socialista á Xunta, Pachi Vázquez –na imaxe, con Gómez Besteiro en Sober–, prometeu "a todos os que viven do campo" que un Goberno "progresista" do seu partido "non lles dará as costas". "Queremos pensar neles, con propostas que permitan a dignificación da súa vida", recalcou. Tras criticar a fenda que agravou Feijóo entre o campo e a cidade nestes anos, prometeu dinamizar o rural potenciando as denominacións de orixe, como as do viño. Tamén defendeu a sanidade nun acto en Pantón. > A.L.

XUNTA ELECTORAL

### Toque de atención ao alcalde de Pontevedra

A xunta electoral de Pontevedra deu un prazo de 15 días ao alcalde da cidade, Miguel Anxo Fernández Lores (BNG), para contestar á denuncia do PP, que o acusa de infrinxir a normativa electoral por "inducir ao voto" nun acto con axentes sociais hai 15 días.



Susana Méndez e Carlos Callón. > Ferrín

A MESA

### Campaña contra Feijóo polo retroceso da lingua

Unha campaña impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística (MNL) pedirá aos cidadáns que "reflexionen" sobre a situación do galego á hora de votar e lembrará os motivos polos que Núñez Feijóo "non merece ser reelixido" polo "retroceso lingüístico".





Axentes, buscando a moza. > EFE ZARAGOZA

**Achan o corpo dunha moza grazas á nota do seu noivo suicida**

A Policía Nacional atopou onte pola tarde o corpo de Natalia A. L., a moza zaragozana de 29 anos á que se buscaba logo de que o seu mozo, Juan Manuel G.B., de 28, deixara o sábado unha nota confesando o crime tras suicidarse. Indicaba a zona na que estaba o cadáver e, tras horas de busca, foi achada dentro dun túnel.

SEVILLA

**Magdalena Álvarez di que o fondo dos EREs era "transparente"**

A ex conselleira de Economía de Andalucía e ex ministra de Fomento Magdalena Álvarez defendeu na comisión de investigación a transparencia do fondo dos EREs e que o interventor da Junta non a advertiu sobre irregularidades nas axudas. Dixo que "xamais" despachou con Chaves os desfares xerados por Emprego.

ALACANTE

**A Universidade está a investigar a rodaxe de cine porno no campus**

Os servizos xurídicos da Universidad de Alicante analizan unha serie de gravacións realizadas por unha produtora audiovisual no campus que inclúen contido pornográfico, ante a posibilidade de emprender accións legais. As escenas porno foron rodadas, por suposto sen permiso, nunha aula, un hangar e varios aparcamentos do campus.

MADRID

**Fernández di que os terroristas "tamén se derrotan nas prisións"**

O ministro de Interior agradeceu o sacrificio e o "abnegado" labor dos funcionarios fronte aos presos de ETA e afirmou que "os terroristas derrotáanse tamén a diario nas prisións". Díxoo Jorge Fernández no acto de recoñecemento a funcionarios de prisións e institucións que colaboran na reinserción dos reclusos.

# CiU continúa a 'batala'

- > Propón "consultar ao pobo de Cataluña" sobre a súa soberanía
- > Militares ameazan con xuízos castrens a quen "fracture" o país

LV / Axencias

CiU expón "consultar ao pobo de Cataluña" sobre a súa soberanía nunha proposta de resolución que negocia con outros partidos cataláns para que sexa aprobado esta semana no Parlament, e na que tamén sostén que o "encaixe" entre Cataluña e España é "hoxe unha vía sen percorrido".

Segundo indica o borrador desta proposta, que aínda está a ser negociado cos partidos e que publicou *El País*, CiU avoga polo exercicio do "dereito a decidir", pero non aclara como debe ser exercido, se a través dun referendo ou dunhas eleccións anticipadas con carácter plebiscitario.

Na proposta da federación nacionalista, remitida ao resto de partidos co obxectivo de que sexa aprobada no debate de política xeral que empeza hoxe no Parlamento, pídesse que "o pobo de Cataluña poida determinar libre-



**Lea pola proposta de Estado federal do PSOE**

Cospedal presentou onte o PP como "garante sen concesións" da Constitución e advertiu da "tremenda irresponsabilidade" que comete o PSOE se busca a "ruptura" co modelo actual. Rubalcaba dixo que se foi creando unha "fractura" entre Cataluña e o resto de España que "hai que arranxar" e mostrouse aberto a modificar a Constitución e avanzar cara a un modelo federal.

mente e democraticamente o seu futuro colectivo".

Porén, onte a Asociación de Militares Españóis, integrada por membros retirados, advertiu a quen participen "na fractura de España" que deberán responder con "todo o máximo rigor de tan grave acusación de alta traición ante os tribunais no ámbito da xurisdición castrense".

Duran Lleida acudiu onte á Generalitat para reunirse con Mas ante o seu discurso de hoxe e a expectativa de todos os grupos sobre un avance electoral.

**FREO AO FINANCIAMENTO**

Mentres, en Madrid a secretaria xeral do PP avanzou que os presidentes autonómicos populares pospoñen a reforma do sistema de financiamento porque a situación económica "non o permite". Avogan por transmitir unha "imaxe de unidade" a Europa.

**Adolfo Suárez cumpre 80 anos recordado como o "guionista" da Transición**

Con motivo do 80 aniversario de Adolfo Suárez, hoxe, Manuel Campo Vidal publica un retrato do ex presidente (1977-1981), ao que ve como un personaxe "atrevido" que cada noite "escribía o guión" da Transición que "como director de escena e primeiro actor representaba". *Adolfo Suárez. El presidente inesperado de la Transición* relata a súa vida con testemuños de 30 persoas, entre elas o falecido Carrillo. Suárez está retirado desde 2003 por enfermidade.



**¿sabíasque...?**

**O Congreso gasta en viaxes 19.285 euros por cada deputado ao ano**

'Eldiario.es' di que en 2013, como novidade, tamén lles pagará o páking no aeroporto

**'INTERVIU' DI QUE EN CADA VOO DE RAJOY SE GASTAN 1.000 EUROS EN WHISKY E VIÑOS**

Este ano xa se destinaron 128.402 euros a catering para as autoridades que utilizan os avións do Exército

**Senado e Congreso conxelan o soldo dos funcionarios por 3º ano**

O Congreso e o Senado aprobaron onte o orzamento das Cortes Xerais para 2013, no que por terceiro ano consecutivo se volve conxelar o soldo dos funcionarios, que xa sufríu desde 2010 unha caída do 15,59%, segundo informaron fontes parlamentarias. O orzamento compartido por Congreso e Senado tamén inclúe o diñeiro que se destinará ás institucións que dependen economicamente do Parlamento, como son o Defensor do Pobo. Esta disporá en 2013 de 14,02 millóns de euros, unha cifra que supón un descenso do 3,25% con respecto a 2012.

**>ruído**



MANUEL DARRIBA  
ESCRITOR E XORNALISTA

**MENTIRA**

Os que teñen a sorte de traballar con animais valoran neles a incapacidade absoluta para mentir, quizais o que máis os diferencia dos humanos. A relixión categoriza a mentira como pecado, pero en realidade é o factor que artella a civilización na que vivimos. A orde económica capitalista susténtase en mentiras. A mentira de que o mercado regula e equilibra. A mentira de que o esforzo e o traballo honrado reciben recompensa. A mentira de que a competencia é o único camiño á excelencia. O diñeiro que circula polos circuitos financeiros é virtual: outra mentira. A política representa o guión que lle dita a economía, non á inversa, e por iso é unha actividade cimentada na mentira. Estamos tan escaldados que cando un político abre a boca vemos un mal actor interpretando o papel sen ansia. Aos xefes da cousa pública quedálles como escudo final o termo "demagogia", que usan como un mantra para despachar calquera crítica. Admitindo que políticos, banqueiros e empresarios sexan imprescindibles mentres non se invente algo mellor, cumpría buscar solucións inspirándonos nos antigos internados de curas. Pobre do neno que era colli-do nunha mentira, pobre do que se agochaba nas tebras para masturbarse; en todas as partes axexaban os inquisitivos ollos e orellas do padre superior. Hoxe teño o día das metáforas fáciles. Os políticos, banqueiros e empresarios son os nenos do internado. A xustiza ordinaria e a sociedade civil, os padres superiores.

**¿sabíasque...?**

**Ignacio González di que non se vai apartar "nin un ápice" da liña de Aguirre á fronte do Goberno madrileño**

O seu debate de investidura como presidente será hoxe e mañá co "non" da oposición



EE UU

**Adelson doa 70 millóns ao Partido Republicano**

O magnate estadounidense Sheldon Adelson, propietario de casinos que planea instalar Eurovegas en Madrid, marcou unha nova marca nas doazóns en campaña electoral ao dar 70 millóns de dólares (54 de euros) á causa republicana. Adelson practicamente triplicou o anterior máximo, 24 millóns de dólares, fixado polo investidor George Soros en 2004 a favor de Bush.

XAPÓN

**O viceministro nipón de Exteriores viaxa a China para rebaixar a tensión**

Xapón e China manterán contactos esta semana para intentar frear a escalada de tensión polas illas Senkaku/Diaoyu, foco dunha disputa territorial que onte desatou novas protestas de Tokio pola entrada de tres patrulleiras chinesas en augas do arquipélago. O viceministro xaponés de Exteriores viaxou a Pequín para reunirse hoxe co homólogo chinés.

CHINA

**Condenado a 15 anos a man dereita de Bo Xilai**

Un tribunal condenou a 15 anos de prisión a Wang Lijun,

¿sabíasque...?

**Os católicos de Alemaña que non paguen o imposto eclesiástico serán excomulgados, medida que apoia o mesmo Vaticano**

Un novo decreto impide desligar "a condición civil de católico da espiritual"

ex número dous do dirixente chinés caído en desgraza Bo Xilai. Wang, ex xefe de Policía de Chongqing cando Bo lideraba o Partido Comunista nesa vila, estaba acusado de 4 cargos: deserción, manipulación da lei no seu propio beneficio, abuso de poder e corrupción.

REPÚBLICA CHECA

**Detidos os responsables de adulterar o alcohol**

A Policía checa identificou os principais responsables dunha onda de intoxicacións sen precedentes pola inxestión de cervexa e outras bebidas, na que morreron 25 persoas. Os culpables, dos que non transcenderon datos, poderán pasar entre 12 e 20 anos en prisión.

**Así ve España o prestixioso xornal 'The New York Times'**

"En España, austeridade e fame". Ese é o título da reportaxe fotográfica coa que *The New York Times* deu a benvida a Rajoy e ao Rei, de visita na cidade, e retrata a dura situación económica á que se confrontan as familias españolas pola crise. As imaxes, asinadas polo catalán Samuel Aranda, gañador do *World Press Photo* de 2012, fan un repaso ás colas da fame, as manifestacións contra os recortes, o drama da inmigración e os desafuzamentos. Foi un dos temas do día nas redes sociais. > LV

## O Rei e mais Rajoy 'venden' a Marca España nos EE UU

> O monarca expúxolle a situación "real" da economía española a 'The New York Times'

LV / Axencias

O Rei mantivo onte un encontro privado co consello de redacción do prestixioso diario *The New York Times*, a cuxos integrantes lles explicou "a realidade que vive España" no actual contexto de crise económica, explicou Zarzuela. Fíxoo coincidindo coa publicación dunha reportaxe por parte do xornal que retrata desde o drama das familias españolas desafuzadas aos cidadáns que se ven obrigados a revolver no lixo.

O desprazamento de Don Juan Carlos á sede do diario neioirquino enmárcase así nas xestións despregadas polo Goberno e a xefatura do Estado para mellorar a imaxe de España no exterior.

O Rei atópase en Nova York como invitado á convención anual da Clinton Global Initiative, a fundación do ex presidente estadounidense Bill Clinton.

Tamén o xefe do Executivo español, Mariano Rajoy, chegou



O Rei e Abdalá de Xordania, en NY. &gt; EFE

onte a Nova York para participar na apertura do novo período de sesións da Asemblea Xeral da ONU. Do mesmo xeito que o Rei, tamén fará campaña en favor da Marca España ante o consello editorial do influente diario económico *Wall Street Journal*, co que se reunirá hoxe. Onte á noite fa cejar con Obama e outros líderes.

**Máis taxas en Portugal ao non subir as cotizacións á Seguridade Social**

O Goberno luso propuxo onte elevar os impostos ás rendas do traballo e do capital para compensar a súa decisión de dar marcha atrás e non subir as contribucións á Seguridade Social, que afectaba todos os traballadores por igual. O

primeiro ministro defendeu a necesidade de adoptar novas medidas para mellorar a conta de ingresos públicos e reducir o seu déficit ata os niveis comprometidos coas entidades prestatarias do seu rescate. O Goberno precisa axustar o déficit porque a Xustiza anulou a eliminación das extras a funcionarios e xubilados.

odíaennúmeros

3


**NENOS E A SÚA MESTRA MORRERON ONTE NUN ATAQUE SUICIDA EN IRAQ**

Foi preto dunha escola e deixou outros 14 feridos

4

**MENORES FALECERON NOS NOVOS BOMBARDEOS DO EXÉRCITO SIRIO EN ALEPO**

Os catro cativos forman parte dun grupo de oito falecidos entre os que tamén se atopaba unha muller



Os corpos de 6 dos mortos, onte. &gt; EFE

**Conclúe o rescate tras o alude que deixou 8 mortos e 3 desaparecidos**

Axencias

Os equipos de rescate deron onte por concluídos os seus labores na montaña Manaslu do Himalaia nepalí, onde un alude causou o domingo a morte a oito montañeiros, ao considerar imposible a recuperación dos corpos dos tres desaparecidos, dous franceses e o canadense.

Os oito montañeiros mortos son catro franceses, un italiano, un nepalí, un alemán e o español Martí Gasull.

A Embaixada española na India estaba onte a encargarse das xestións necesarias para repatriar o cadáver do catalán, manténdose "en contacto permanente" tanto coas autoridades locais como coa familia do falecido, segundo precisou unha portavoz de Exteriores.

**O MEDIADOR DA ONU PARA SIRIA DI TER "NOVAS IDEAS" PARA ROMPER O ESTANCAMENTO DA CRISE NO PAÍS**

Afirmou onte que o conflito "empeora por momentos" e que non espera que se dea o diálogo

LV deluns a venres

¡SORTEA 6 ENTRADAS!

Envía: lvxornal (espacio) nome e apelidos ao 27775



OUTONO CAPITOL ROCK FESTIVAL

SABADO 29 SET. 2012

RAY COLLINS HOT CLUB

JEFF HERSHEY & THE HEARTBEATS + LOS ETERNOS

merc. mada chbc Marti Códax

Coste SMS: 1,45 €/SMS IVA engadido. Maxis de 18 anos. AT5 S.A. Apdo. de Correos 18070 Madrid 28080. informacion@at5.es / Nº Atm. Cliente: 902501731



## NEUROLOXÍA

**Sofren ataxia máis de oito mil españois**

Os expertos da Sociedade Española de Neuroloxía advirten, con motivo hoxe do Día Internacional da Ataxia, de que só un 11% destas ten un diagnóstico etiolóxico coñecido. En España máis de 8.000 persoas sofren algún tipo de ataxia hereditaria, que implica unha diminución da capacidade para coordinar os movementos.

## NEUROLOXÍA

**Mal diagnóstico no 90% dos casos do mal de Willis-Ekbom**

Nove de cada dez afectados pola enfermidade de Willis-Ekbom, ou síndrome de pernas inquedas, non foron diagnosticados ben, dixo o presidente da Sociedade Española del Sueño, Diego García-Borreguero, quen lamenta que adoite confundirse con problemas reumatóxicos ou vasculares.

# Un 20% das intervencións cirúrxicas deixan dor aínda cando se fan correctamente

> Os expertos resaltan a importancia de tratala para evitar que pase a ser crónica, o que empeora a calidade de vida do paciente

LV / Axencias

O director da Cátedra Extraordinaria da Dor Fundación Grünenthal da Universidad de Salamanca, Clemente Muriel, asegurou onte que o 20% das intervencións cirúrxicas, aínda que se efectuaran correctamente, deixan dor neuropática, e de aí a importancia da súa abordaxe.

Así o sinalou en declaracións aos xornalistas en Salamanca con motivo da XII Reunión de Expertos da Cátedra Extraordinaria da Dor Fundación Grünenthal que, baixo o título *Control e abordaxe do paciente con dor aguda*, reúne na capital salmantina quince expertos de distintas especialidades médicas.

Muriel destacou a importancia de abordar a dor aguda, dado que, se non é ben tratada, "pasa a ser crónica", e de aí a transcendencia de "expor as bases para que isto non ocorra".

Neste sentido, fixo fincapé en que no vinte por cento das intervencións cirúrxicas que se realizan na actualidade, aínda que estas se desenvolveran de forma correcta, "ao paciente quédalle unha dor neuropática que o arrastra durante toda a vida e que é moi difícil de controlar".

**TRATAMENTO**

Todo iso, engadiu Muriel, implica que, ademais de utilizar analxésicos convencionais, haxa que recorrer a "un amplo grupo de fármacos, os denominados coadjuvantes específicos, para o tratamento dun problema que antes non se detectou".

Pola súa banda, o xefe do servizo de cuidados paliativos do Instituto Catalán de Oncoloxía (ICO),



Un estudo sinala que polo xeral as operacións de costas non axudan a reducir a dor. > EFE

**Tipos de dor crónica****Dor crónica non maligna:**

- a) **Reumática**
- b) **Neuropática:** localización nun ou máis nervios, sensación de queimura ou picor e adoita acompañarse de parestesias non dolorosas, hiperalxesia e alodinia
- c) **Vascular:** relacionada cunha

alteración do fluxo sanguíneo

**d) Traumatólica**

e) **Trastorno por dor:** é unha enfermidade psiquiátrica

**Dor crónica maligna:**

- a) Causada por un tumor
- b) Debida á terapia do cancro (quimioterapia, radioterapia...)
- c) Non relacionada co cancro

Josep Porta, referiuse á "mestura de dores" do paciente oncolóxico, algunhas delas "relacionadas coa propia enfermidade, con secuelas do tratamento e coa propia patoloxía que se padece".

Significou que España é un dos países de Europa "con mellores índices de utilización e tratamento de opioides nos pacientes con cancro" e que se está "nunha liña moi boa" na actualidade.

Ademais, subliñou que se van recoñecendo novas entidades, aparecen novos fármacos e formulacións de analxésicos antigos que fan que a forma de tratar a

dor oncolóxica mellore moito".

Destacou que o manexo da dor nun paciente oncolóxico é "unha abordaxe de moitas especialidades que han de confluír para que as persoas poidan estar correctamente tratadas e poidan vivir as secuelas dunha enfermidade".

**INVESTIGACIÓN**

Respecto ao discorrer da investigación, Porta resaltou que existen "moitas liñas abertas" e en concreto mencionou aqueles estudos que teñen que ver "coa xenética, os opioides e a procura de novos fármacos".

**¿sabíasque...?**

Os homes que están castrados viven máis que os demais, segundo un estudo de científicos coreanos

Os investigadores analizaron os arquivos xenealóxicos da corte da dinastía Chosun e comprobaron que os eunucos vivían entre 14 e 19 anos máis

## Investigadores dan con causas xenéticas do cancro de mama

LV / Axencias

Un equipo de científicos do Centro Integral do Cancro Lineberger da Universidade de Carolina do Norte (EE UU) levou a cabo a caracterización xenética de 800 tumores de mama, incluíndo a procura dalgunhas das causas xenéticas das formas máis comúns do cancro de mama. Tamén deron pistas para novas dianas terapéuticas e identificaron a similitude molecular entre un subtipo de cancro de mama e o cancro de ovario.

**¿sabíasque...?**

O porco celta que se alimenta de castañas posúe un maior valor nutricional, segundo a tese de Rubém Domínguez

O investigador da UVigo ve paralelismo entre esta carne e a do prezado ibérico



Adiah Despot, de 2 anos. > EFE

## MALFORMACIÓN

**Recadan fondos para operar unha nena**

O Hospital Jackson de Miami pide 85.000 dólares en doazóns para operar unha nena de 2 anos cunha grave malformación facial. Adiah Despot, de Trinidad e Tobago, sofre hemaxioma no beizo inferior, unha acumulación anormal de vasos sanguíneos que pode rebenotar e causar incluso unha hemorragia fatal á nena.

Averiguamos cual es la causa de la humedad para aplicar el tratamiento específico

Pida su diagnóstico COMPLETO Y GRATUITO

900 809 939

www.acuasec.com

Garantía hasta 30 años

+ Información:



Tratamientos DEFINITIVOS contra la humedad



# > deportes

“O GRANADA DÉBENOS UNHA DESDE HAI 2 ANOS, CANDO NOS GAÑOU NO ‘PLAY OFF’”

Andrés Túñez, defensa do Celta, sobre o rival vigués do próximo domingo

## RONALDO

Iniciou onte na tele brasileira un ‘reality’ no que fará dieta e loitará coa báscula



## P. ALBA

Unhas desavinzas con Fabri levaron o técnico de porteiros do Racing a dimitir



## D. RÍOS

O técnico do Azkar, galardoado como mellor adestrador galego da 2011/12



## O Sevilla desenmascara o Dépor

- > Negrodo e un erro de Aranzubia deciden un encontro vibrante que puido gañar calquera
- > Os de Oltra estrelan dous balóns no pau e acaban concedendo a primeira derrota en Liga

**RC Deportivo** 0  
**Sevilla FC** 2

**Deportivo:** Aranzubia; Manuel Pablo, Evaldo, Marchena, Aythami; A. Aguilar, Juan Domínguez (André Santos, m.87); Bruno Gama, Valerón (Camuñas, m.78), Pizzi; e Riki (Nélson Oliveira, m.61).  
**Sevilla:** Palop; Cichinho, Botía, Spahic, Navarro; Navas, Maduro (Campaña, m.79), Medel, Rakitic (Kondogbia, m.87), Trochowski (Del Moral, m.73); e Negrodo.  
**Goles:** 0-1, m.75: Negrodo. 0-2, m.84: Rakitic.  
**Árbitro:** González González (Castela e León). Amoestou a Botía e a Navas.

LV

Deportivo e Sevilla regalaron un gran partido en Riazor, que puido levar calquera, pero que finalmente caeu do bando hispalense, en parte polos erros locais.

O primeiro acto, trepidante, deixou un empate técnico, cos primeiros minutos para o Sevilla e os últimos para o Deportivo. Houbo dous paus, un por bando, nas botas de Navas e Abel Aguilar, este último de tremendo zapatazo. Co tempo os de Oltra dominaron o balón e o Sevilla parapeouse atrás para saír á contra. Un par delas acabaron en paradas de Aranzubia a senllos disparos perigosos de Medel.

O paso polos vestiarios non fixo senón espourear os xogadores. Primeiro, Negrodo e Medel desperdiciaron unha ocasión inmemorable. Logo un centro de Pizzi acabou no traveseiro tras tocar en Spahic e na contra seguinte Negrodo errou de novo. Era un intercambio de golpes, un combate de boxeo que gañaría o que primeiro atinase no rostro rival. Aythami tívoo nunha falta e o Dépor, xa con Nélson Oliveira, foi subindo liñas... e tamén deixando máis espazos atrás.

Polas costas de Evaldo, que sufriu o inenarrable con Navas, entrou desta volta Cichinho, que centrou para que Negrodo rematara en boca de gol. A sentenza chegou en forma de infortunio xa preto do final: Marchena cedeu a Aranzubia e no despexe o balón impactou en Rakitic para coarse na portería e castigar coa primeira derrota do Deportivo.



Riki, que durante a semana probou varias máscaras ao non atoparse cómodo con ningunha delas, saltou onte a Riazor cun modelo novo que levaba o seu número, o 11, serigrafado nun dos laterais. Na imaxe, intenta controlar o esférico diante de Botía. > EFE

## >idaevolta



**CARLOS MACÍA**  
XORNALISTA DA TVG

## OS ILUMINADOS

O Sevilla levou o duelo de invictos de Riazor ante un Deportivo que sempre xogou cara adiante. O 0-2 final non demostra a cadencia de poderes que tivo o partido; un choque fratricida, de idas e voltas, de alternativas constantes no que os dous equipos sempre buscaron a portería contraria.

Nese intercambio de golpes impúxose o Sevilla por ter máis aguante físico na segunda parte e porque nos últimos metros

—tamén hai que dicilo— ten máis calidade que o Deportivo. Estraño resulta o día no que Álvaro Negrodo non saca petróleo das áreas e o partido no que a banda dereita hispalense, con Cichinho e Jesús Navas, non impón unha ditadura. Son dous lóstregos inesgotables cun puñal entre os dentes. Dous iluminados.

A esta hora do día Evaldo segue buscando as costas de Navas. Espectacular o sevillano. Rápido, incisivo, sempre ofrecendo unha saída, un perigo constante, un xerador inesgotable de ocasións, un contragolpeador nato.

Malia a derrota, aplaudo a actitude do Deportivo. Nunca se engurrou ante o rival e sempre foi polo partido. Enorme Riki no esforzo, notable Pizzi no caneo. En liñas xerais o equipo de José Luis Oltra ten os conceptos claros. Se non se enreda, perderá poucos partidos en Riazor. Mesmamente,

ata o día de onte levaba máis dun ano sen facelo.

Mentres, en Vallecas fíxose a luz e o Real Madrid resolveu un partido gris cunha contra de libro e un penalti desafortunado para o Rayo Vallecano. Foi a primeira vitoria do equipo de Mourinho a domicilio. O Barcelona queda oito puntos por riba, pero esta Liga aínda ten moita herba que cortar. Aínda que para corte, o eléctrico de antonte en Vallecas.

Que espermento! Ante a mirada atónita de medio mundo, dous electricistas tentaban arranxar o desaguisado. Só unhas horas antes en Singapur, as luces e os rañaceos iluminaban o maior espectáculo da Fórmula Un. A comparativa é inevitable. Pero a iluminada da subdelegada do Goberno dicía antonte que en 20 minutos... o tema estaba arranxado. En boca pechada...aforramos iluminados.

aquiniela	
Xornada 7	
1. Atlético-Valladolid	1
2. Betis-Espanyol	1
3. Athletic-Málaga	X
4. Levante-Real Sociedad	1
5. Zaragoza-Osasuna	1
6. Celta-Getafe	1
7. Barcelona-Granada	1
8. Rayo-Real Madrid	2
9. Sabadell-Xerez	1
10. Las Palmas-Villarreal	X
11. Córdoba-Girona	1
12. Sporting-Alcorcón	1
13. Huesca-Elche	X
14. Numancia-Murcia	1
15. Mallorca-Valencia	1

## Primeira: así vai a Liga

### Resultados

Real Zaragoza-CA Osasuna 3-1. Celta-Getafe 2-1. Real Betis-RCD Espanyol 1-0. Barcelona-Granada 2-0. Mallorca-Valencia 2-0. Levante-Real Sociedad 2-1. Atlético-Valladolid 2-1. Athletic-Málaga 0-0. Rayo-Real Madrid 0-2. RC Deportivo-Sevilla 0-2.

Equipos	Pt	J	G	E	P	GF	GC
1 FC Barcelona	15	5	5	0	0	14	3
2 RCD Mallorca	11	5	3	2	0	7	3
3 Sevilla FC	11	5	3	2	0	6	2
4 Málaga CF	11	5	3	2	0	6	2
5 Atlético de Madrid	10	4	3	1	0	11	5
6 Real Betis Balompié	9	4	3	0	1	8	5
7 Real Madrid CF	7	5	2	1	2	7	4
8 Rayo Vallecano	7	5	2	1	2	6	7
9 Levante UD	7	5	2	1	2	7	9
10 RC Deportivo	6	5	1	3	1	7	7
11 RC Celta	6	5	2	0	3	6	6
12 Real Zaragoza	6	5	2	0	3	5	6
13 Real Valladolid CF	6	5	2	0	3	4	5
14 Real Sociedad	6	5	2	0	3	6	9
15 Valencia CF	5	5	1	2	2	6	8
16 Athletic Club	5	5	1	2	2	8	12
17 Getafe CF	4	5	1	1	3	6	10
18 Granada CF	2	5	0	2	3	2	8
19 RCD Espanyol	1	5	0	1	4	7	11
20 C. Atlético Osasuna	1	5	0	1	4	3	10

### Goleadores

Leo Messi, 6. Radamel Falcao, 5. Hemed, 4. Aduriz, 3. Jorge Molina, 3. Higuaín, 3. Cristiano Ronaldo, 3. Negrodo, 3. San José, 2. Arda Turan, 2. Villa, 2. Adriano, 2. A. Aguilar, 2. Riki, 2. Nélson Oliveira, 2...



¿sabíasque...?

**Hugo Mallo renova co Celta ata 2017**

“Estou moi feliz pola confianza que o club deposita en min e voulla devolver”, dixo o lateral



PRIMEIRA

**Falcao podería xogar mañá contra o Betis**

Betis e Atlético xogan mañá ás 21.00 horas o partido adiado pola participación dos *colchoneiros* na Supercopa de Europa. Falcao, que ante o Valladolid se retirou no descanso por unhas molestias, só sofre unha sobrecarga no adutor e podería chegar a tempo para enfrontarse ao Betis.

SEGUNDA

**Yoel: "O CD Lugo non pode virse abaixo"**

Yoel, porteiro do CD Lugo, declarou que o equipo "non pode virse abaixo" tras as dúas últimas derrotas e recoñeceu que os xogadores están "fastidiados". O meta cedido polo Celta tamén falou do conxunto vigués: "Estaba facendo grandes partidos e era visto que ían chegar os resultados".

TERCEIRA

**A expulsión de Joselu indigna o Compostela**

O adestrador do Compostela, Anxo Casalderrey, criticou a actuación do colexiado do Borja Bilbao na derrota do seu equipo ante o Betanzos (2-1). "O que máis me molesta é que expulsaran a Joselu por dicir *que malo es a un rival*, e aínda que fose ao árbitro, ten que ter man e sacarlle só unha amarella; hai que deixar xogar".

ITALIA

**A AS Roma suma tres puntos sen competir**

A Xustiza deportiva italiana concedeulle á Roma a vitoria por 0-3 no encontro que debiera disputar o domingo contra o Cagliari, e que foi suspendido polo Goberno ante a intención do club sardo de deixar entrar afeccionados no seu estadio, aínda sen homologar.



Ángel di María intenta canear o seu compatriota Chori Domínguez, durante o Rayo-Real Madrid disputado onte en Vallecas. > EFE

# Vitoria sen moitas luces

> Benzema e CR7, de penalti, solucionan un partido gris do Madrid

**Rayo Vallecano** 0  
**Real Madrid CF** 2

**Rayo:** Rubén; Tito (Trashorras, m.75), Labaka, Amat, Casado; Javi Fuego, José Carlos (Billie, m.79), Lass; Chori Domínguez (Piti, m.66), Delibasic e Leo.

**Real Madrid:** Casillas; Arbeloa, Pepe, Ramos, Marcelo; Essien, Xabi Alonso; Di María (Khedira, m.75), Modric (Özil, m.62), Cristiano Ronaldo; e Benzema (Higuain, m.69).

**Goles:** 0-1, m.12: Benzema; 0-2, m.68: Cristiano Ronaldo (p).

**Árbitro:** Fdez. Borbalán (Andalucía). Amoestou a Essien, Arbeloa, Xabi, Chori e Amat. Botou a Casado no 91.

LV / Axencias

Un gol de Benzema aos 12 minutos, tras un contragolpe de libro do Real Madrid, achandou o

camiño dos de Mourinho no día despois da sabotaxe en Vallecas. O arranxo a tempo das luces do campo permitiu que o partido se disputara coas mesmas aliñacións que o luso e Paco Jémez anunciaron o domingo, Ramos incluído.

O Real Madrid chegou ao descanso sen demasiado brillo pero co control grazas ao gol do francés. A calma branca traducíuse en relaxación e un erro de Arbeloa púidolle custar moi caro ao Real Madrid. Cando o Rayo se animaba, un penalti por man de Amat transformouno Cristiano no 0-2. Paco, temerario, quedou con defensa de tres e Cristiano perdeu o terceiro a porta baleira.

¿sabíasque...?

**A Policía Científica colleu pegadas en Vallecas para tratar de averiguar quen cortou os cables da iluminación**

O presidente do Rayo, Martín Presa, dixo sobre o sucedido no campo: "Sufrimos unha sabotaxe, un atentado, e estamos ante un novo delito: o terrorismo deportivo"

**Song non celebrou o gol de Xavi ante o Granada**

Mentres os seus compañeiros corrían como posuídos para celebrar o gol de Xavi, Alex Song permaneceu preto da súa área, concentrado e sen inmutarse. Aínda que do Arsenal chegou como centrocampista, Vilanova

non tardou en colocalo na zaga polas lesións de Piqué e Puyol. Debutou aí ante o Spartak e contra o Granada mellorou, malia que ás veces aínda perde o sitio. Quizais por iso non se moveu para celebrar o gol. É a segunda vítima de Busquets, que xa mandou a Mascherano á defensa.

**"O DE MESSI E VILLA NON FOI DISCUSIÓN; NÓS BERRAMOS PORQUE NO CAMPO HAI 90.000 PERSOAS E NON SE ESCOITA"**

Thiago, xogador do Barcelona

**O 'avó' Hopkins volve ao Obradoiro por 2 meses**

Bernard Hopkins volverá enfundar a camisola do Blusens Monbus os vindeiros dous meses. O á-pivote de 39 anos, capitán o ano pasado do equipo santiagués e un dos homes máis queridos pola bancada, ocupará o baleiro deixado por Hummel, de baixa entre 4 e 8 semanas por unha lesión no menisco. Ademais, Básquet Coruña e Breogán disputarán hoxe ás 21.00 horas o torneo Teresa Herrera.

**O Goberno francés quere que a UCI lle retire os sete Tours a Armstrong**

EFE

A ministra francesa de Deporte, Valérie Fourneyron, quere que a UCI confirme a sentenza da Usada por dopaxe sistemática contra o ciclista Lance Armstrong e lle retire todos os seus títulos deportivos desde 1998, incluídos sete Tours de Francia. Cre que é a única maneira de devolverlle a credibilidade á proba.

**AMEAZAS DE MORTE**

O director da Usada, Travis Tygart, desvelou onte que sufriu tres ameazas de morte tras sancionar a perpetuidade a Armstrong. O FBI, informou, xa se ocupa do caso.

¿sabíasque...?

**O fútbol sala galego unificarase dentro da Federación Galega de Fútbol**

Ata agora había 2 federacións

DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA

Deporte

o Galego,  
a base do noso  
Deporte



# > unrespiro

## cumprenanos

**Michael Douglas**, actor (68). **Catherine Zeta-Jones**, actriz (43). **Carlos Ruiz Zafón**, escritor (48). **Juande Ramos**, adestrador (58). **Olivia Molina**, actriz (32). **Adolfo Suárez**, ex político (80). **Heather Locklear**, actriz (51).

### V. PARADIS

A ex de Johnny Depp refixo a súa vida cun ex noivo de Carla Bruni



### PARIS HILTON

A multimillonaria herdeira levou o seu noivo español de viaxe a Hawai



### EVA LONGORIA

Está a buscar piso para ir vivir con Mark Sánchez, o noivo, a Nova York



### SAÚDE

**Esther Arroyo agarda a incapacidade laboral**  
Esther Arroyo está á espera de que lle dean a incapacidade laboral, por mor do grave accidente de tráfico que sufriu en 2008. A modelo contou a *Pronto* que un xeonllo lle dá problemas: "Nunca poderei facer vida normal nin traballar... Non presentarei programas, non haberá series. Necesito que o xuízo sexa xa", confesa.

### CORAZÓN

#### Cárdenas nega unha relación con Prendes

Javier Cárdenas aclarou as declaracións de Paula Prendes a *Vanitatis*, nas que a presentadora e actriz dicía que tiña "unha relación aberta" co locutor. Todo xurdiu por unhas fotos no verán nas que Javier e Paula aparecían xuntos nun barco. "Con Paula non teño unha relación, nin aberta nin pechada".



### MODA

#### A ex de Balotelli desfila embarazada

A modelo Raffaella Fico, ex noiva do futbolista Mario Balotelli, causou sensación na Pasarela da Moda de Milán, onde desfilou cuns bikinis moi atrevidos e unha gran tripa de embarazada. A moza dará a luz o suposto fillo do futbolista italiano en tan só tres meses. Porén, o xogador segue negando que o bebé sexa seu. Mentres, ela non deixa de traballar.



Arriba, Sofía Vergara e detalle do vestido roto e, á dereita, Heidi Klum. Abaixo, Nicole Kidman con Keith Urban e, á dereita, Claire Danes e Damian Lewis, de 'Homeland'. > EFE

## SOFÍA VERGARA ENSINA DE MÁIS

> A actriz colombiana ten un percance co seu vestido nunha gala dos 'Emmy' na que triunfa 'Homeland' sobre 'Mad men'

### LV / Axencias

O Teatro Nokia dos Ánxeles viviu unha das súas noites máis máxicas do ano ao acoller a 64ª edición dos Premios Emmy, os galardóns máis prestixiosos da televisión estadounidense.

As series *Homeland* –sobre un soldado estadounidense dado por morto en Iraq e que volve tras oito anos secuestrado por Al Qaeda– e *Modern family* foron as grandes triunfadoras con seis e cinco figuras, respectivamente. A gran perdedora da noite foi *Mad men*, que marchou coas mans baleiras malia ter 17 nomeamentos.

Intérpretes do talle de Sofía Vergara ou Nicole Kidman desfilaron pola alfombra vermella coas súas mellores galas. Vergara foi máis protagonista polo percance que sufriu co seu vestido. Antes de recoller o premio a *Modern family* como mellor comedia, a prenda rompeulle pola parte de atrás, deixándoa co traseiro ao aire, algo que arranxou antes de

### Os principais premios

**Comedia** *Modern family*  
**Drama** *Homeland*  
**Actores cómicos** Jon Cryer (*Dos hombres y medio*) e Julia Louis-Dreyfus (*Veep*)  
**Actores dramáticos** Damian Lewis e Claire Danes (*Homeland*)  
**Actores secundarios en comedia** Eric Stonestreet e Julie Bowen (*Modern family*)  
**Actores secundarios en drama** Aaron Paul (*Breaking bad*) e Maggie Smith (*Downton Abbey*)

saír ao escenario. A colombiana colgou as imaxes en Twitter.

Heidi Klum foi outra das máis aclamadas pola prensa, cun vestido de gasa azul ceo cunha abertura lateral de infarto. Nicole Kidman, que foi co marido, optou por un *look* máis sinxelo cun vestido de corte recto e escote caixa.

## >endonosti



**JOSÉ LUIS LOSA**  
CRÍTICO DE CINE

### 'DANS LA MAISON' E 'SAVAGES'

Continúa o idilio que vivo coa 60ª edición do Festival de San Sebastián, que nos últimos tempos me proporcionou doses de pracer cinéfilo racionado como en tempo de posguerra.

Chego ao pase de prensa da película que François Ozon presenta a concurso, *Dans la mai-*

son. O esforzo para conseguir ver as imaxes do filme sen sentirme expatriado merece moito a pena. Desenvolve Ozon, na súa adaptación libre dun relato do español Juan Mayorga, a súa mellor vea malévola, na que fochica nas miserias ou os cadáveres no armario da fea burguesía.

Vitriólica é tamén a poderosa resurrección de Oliver Stone. *Savages* devólvenos, quizais cando menos o esperaba, ao cineasta da montaxe virtuosa e frenética, esta vez ao servizo dunha adaptación dun libro de Don Winslow sobre as dialécticas que presiden a guerra dos cárteles da droga.

> ampliado en [www.l-v.es](http://www.l-v.es)



### Trueba e Krahe, nomes propios en San Sebastián

Os vasos comunicantes entre a arte e a vida filmados por Fernando Trueba en *El artista y la modelo*, con Jean Rochefort, Aida Folch e Claudia Cardinale, centraron os eloxios nunha xornada no Festival de Cine de San Sebastián na que o sempre interesante Laurent Cantet decepcionou con *Foxfire*. Amais, Antón Reixa asistiu xunto ao cantautor á presentación de *Esta no es la vida privada de Javier Krahe*, que produce a SGAE e inclúe a escena do Cristo ao forno.



# MARTA ORTEGA VAI SER NAI

> Fontes próximas á familia confirman o embarazo da filla do dono de Inditex

LV / Axencias

Unha das grandes paixóns de Marta Ortega, a herdeira do imperio Inditex, é a hípica. Por iso había rumores de que estaba



Amancio Ortega e a súa filla Marta. > EFE

embarazada tras non participar ultimamente en ningún concurso, nin tan sequera no que o seu

pai, Amancio Ortega, organiza na Coruña todos os veráns. E, en efecto, a moza espera un fillo. Fontes próximas á familia confirmaron onte a boa nova. A silueta de Marta Ortega cambiou e as fotos da pasada fin de semana nas que lucía con roupa folgada mentres vía competir o seu marido, Sergio Álvarez, en Barcelona avivaron os rumores. A parella casara o 18 de febreiro en Cambre.

## Noveno disco de Sanz

Arranxos e acompañamentos de rock sinfónico para dar "emoción" deron orixe ao noveno disco de estudio de Alejandro Sanz, que está decidido a manterse lonxe de batallas políticas e declina cun "nunca" un hipotético disco flamenco como intérprete. *La música no se toca*, que se publica hoxe, é o seu primeiro disco para Universal tras 20 anos en Warner.



## Xa 'curaron' o Stradivarius

Logo dunha minuciosa e rigorosa restauración, que lle devolveu esplendor e saúde musical, o violoncelo Stradivarius fracturado en abril mentres era fotografado regresa á colección do Palacio Real, unha das máis importantes do mundo, con cinco xoias do luthier italiano. Hoxe, o violoncelo palatino, que onte tocou un mestre, volve á sala onde se exhibe.

INTERNET

## O cibercrime é o máis perigoso, di o autor de 'CSI: Las Vegas'

Anthony E. Zuiker, autor da serie *CSI: Las Vegas* e produtor de *Cybergeddon*, webserie que estrea hoxe Yahoo, dixo que "o cibercrime é o máis perigoso de todos os tipos de crime". "É perpetrado por persoas con computadores que poden causar unha destrución masiva" nunha sociedade globalizada grazas a internet, comentou.

INTERNET

## Apple vende en 3 días 5 millóns de iPhone 5

A compañía californiana Apple anunciou onte que vendeu máis de cinco millóns do seu novo iPhone 5, só tres días despois do seu lanzamento, o 21 de setembro. Ademais, o novo software lanzado este mes, o iOS 6, foi actualizado en máis de cen millóns de dispositivos.

INTERNET

## Facebook deixa ao descuberto por erro mensaxes privadas

Facua anunciou que denunciará hoxe a Facebook ante a Agencia Española de Protección de Datos (AEPD) polo "escandaloso buraco de seguridade" que deixou ao descuberto multitude de mensaxes privadas dos usuarios desta rede social. O erro afecta a mensaxes íntimas dos afectados nos anos 2007, 2008 e 2009.

¿sabíasque...?

Os bombeiros da Coruña están a preparar o seu calendario erótico, para 2013, tras un ano sen editarse

O almanaque estará realizado, como nas anteriores edicións, polo fotógrafo de moda profesional Raúl Lamoso e, segundo os participantes, "vai dar moito que falar"



## Nélida Piñón afirma que "a cultura sempre sofre"

A brasileira Nélida Piñón, posuidora do *Príncipe de Asturias*, di que a cultura sofre con e sen crise, porque sempre é golpeada. "Non se ve que é o ben común, unha necesidade, pan e circo, e o circo é arte, pensamento, vida", dixo onte esta autora de raíces galegas, protagonista do ciclo *Narrador en Residencia* que comeza hoxe en Madrid.

## Outras novas do día

**Música** O cantante de *Green Day*, Billie Joe Armstrong,



someterase a un tratamento por abuso de substancias tras comportarse de forma errática durante unha actuación a fin de semana nas Vegas, informou onte o diario *Los Angeles Times*  
**Xustiza** Francia xulga desde onte a Thierry Tilly, acusado de manipular os once membros

dunha familia de nobres gala para telos encerrados nun palacete e roubarlles 4,5 millóns de euros

**Ciencia** Un laboratorio de bioenxeñaría surcoreano liderado polo polémico científico Hwang Woo-suk confirmou onte que vai clonar unha especie de mamut extinguida hai 4.500 anos

**Música** O italiano Tiziano Ferro publica en España *El amor es una cosa simple*, disco que é un "himno" a este sentimento e que romper as "barreiras" do seu "mundo sentimental" cando fixo pública a súa homosexualidade

- Limpieza de comunidades, oficinas...
- Mantenimiento de edificios
- Limpieza de fachadas sin andamios

Ecológico  
Rápido  
Económico

www.limpiezadesuperficies.com - Teléfono: 981 27 73 77

## >carteleira

**VIGO**  
**YELMO CINES 3D.** (Luns, día do espectador. Matinais sáb, dom e fest. Madrugada ven, sáb e vésperas de festivos) **Dredd** 18.05. **Las aventuras de Tadeo Jones 3D** 16.20, 22.10, 00.20. **Las aventuras de...** 18.20, 20.15. **Abraham Lincoln: cazador de vampiros 3D** 15.20. **Ted** 19.20, 21.35. **Todos tenemos un plan** 17.30, 22.15. **A Roma con amor** 15.05, 17.20, 19.40, 22.05, 00.25. **Step up revolution** 17.45. **Step up revolution 3D** 15.35. **Mátalos suavemente** 15.25, 17.35, 19.50, 22.30, 00.35. **The possession** 20.10, 22.25, 00.50. **Brave 3D** 15.10. **Total recall** 17.25, 19.55, 22.20, 00.40. **El nombre** 20., 00.45. **El legado Bourne** 23.45. **Los mercenarios** 20.20, 22.35, 00.40. **El gato con botas** 16. **John Carter** 18., 21. **Sin frenos** 15.30, 17.40, 19.45, 21.50, 23.50. **Piratas** 16.15. **Alvin y las ardillas 3** 16. **Madagascar 3** 15.15. **MULTICINES NORTE.** (Luns, día do espectador) **Una botella en el mar de Gaza** 17.45, 20.30, 23.

**Fausto (V.O.S.E.)** 17.30, 20.15, 23. **Headhunters** 17.45. **Shangai** 20.30, 23. **Café de Flore** 17.45, 20.30, 23. **Bonsai** 17.45, 20.30, 23.

**A CORUÑA**  
**FILMAX.** (sesións golfas: venres, sábado e vésperas de festivos. Sesións matinais sab. e dom.) **Headhunters** 22.45. **Mátalos suavemente** 18., 20.15, 22.30. **The possession** 20., 22. **A Roma con amor** 18., 20.15, 22.45. **Todos tenemos un plan** 18.15, 20.30. **Ted** 17.45. **Contrarreloj** 18.45, 20.45, 22.45. **Shangai** 18.30, 20.30, 22.30. **Amor bajo el espino blanco** 17.45, 19.45, 22.15. **Las aventuras de Tadeo Jones** 18. **Step up revolution** 17.45. **Total recall** 18., 22. **Dredd** 20., 22. **El nombre** 17.45, 20., 22.15. **Una botella en el mar de Gaza** 19.45, 21.45. **YELMO LOS ROSALES 3D** (Luns, día do espectador. Sesións de madrugada só os venres, os sábados e as vésperas de festivo. Primeiro pase: sábados, domingos e xornadas festivas) **Sin**

**frenos** 18.20, 20.30, 22.40. **Abraham Lincoln** 18.10, 22.30. **Contrarreloj** 18.15, 20.15, 22.15. **Total recall** 17.30, 20., 22.30. **Las aventuras de Tadeo Jones 3D** 17.30, 19.30. **Todos tenemos un plan** 20.10, 22.35. **Elefante blanco** 20.20. **Madagascar 3** 17.15. **Las aventuras de...** 18.30, 20.30. **Somos la noche** 18., 20.15, 22.30. **Brave** 18.20, 20.25. **Dredd** 22.40. **El legado de Bourne** 19.15, 22. **The possession** 18., 20., 22.20. **Ted** 20.20. **Eternamente comprometidos 22.** **El nombre** 17.50, 20.10, 22.25. **Headhunters** 22.35. **Los mercenarios 2** 18.10, 22.45, 01.00. **Ice age 4** 18.15. **ESPACIO CORUÑA.** (Luns, día do espectador. Venres, sábados, e vésperas de festivos: sesión de madrugada. Matinais, só os domingos) **Atrapados en Chernóbil** 18.30, 20.30, 22.45, 00.45. **A Roma con amor** 17.35, 20., 22.30, 00.55. **Mátalos suavemente** 17.50, 20.05, 22.15, 00.25. **Abraham Lincoln** 19.45. **Los mercenarios 2** 17.35, 22.25. **Desmadre de padre** 20.20, 22.40, 00.55. **Total recall**

17.15, 19.40, 22.10, 00.40. **Todos tenemos un plan** 19.50, 00.45. **Ted** 22.20, 00.40. **Brave** 18.20. **Step up revolution** 17.30. **Las aventuras de Tadeo Jones** 18., 20. **Las aventuras de Tadeo Jones 3D** 22.05. **El legado de Bourne** 00.20.

**SANTIAGO**  
**VALLE INCLÁN.** (mércores, día do espectador) **Las aventuras de Tadeo Jones 3D** 20.15. **Total recall** 17.30, 20.15. **El nombre** 17.30, 20.15. **Holmes & Watson** 22.45. **Brave** 17.30. **A Roma con amor** 17.30, 20.15, 22.45. **Headhunters** 20.15. **Las aventuras de Tadeo Jones** 17.30. **Los mercenarios 2** 22.45. **Ted** 22.45. **Todos tenemos un plan** 22.45. **Mátalos suavemente** 17.30, 20.15, 22.45. **ÁREA CENTRAL.** **A Roma con amor** 16., 18.05, 20.20, 22.35. **Atrapados en Chernóbil** 16., 18., 20., 22.15. **Contrarreloj** 16., 18., 20., 22.15. **Total recall** 16.10, 19.10, 20.10. **Mátalos suavemente** 16., 18.10, 20.20, 22.35. **Lobos de**

**Arga** 16., 18.10, 20.20, 22.30. **Las aventuras de Tadeo Jones** 16., 18., 20. **Ted** 22.25.

**LUGO**  
**AS TERMAS.** (luns, día do espectador. Sesión golfas: só ven., sáb. e vésp. de festivos) **Las aventuras de Tadeo Jones 3D** 20.30. **Las aventuras de Tadeo Jones** 16.30, 18.30. **Desmadre de padre** 18.15, 20.30, 23., 01.10. **Los mercenarios 2** 23., 01.10. **Brave** 16.20. **Ted** 16.10, 18.15, 20.30, 23., 01.10. **Step up revolution** 16.10, 18.15. **The possession** 16.10, 18.15, 23., 01.10. **Eternamente comprometidos** 20.30. **Total recall** 20.30, 23., 01.10. **Mátalos suavemente** 16.10, 18.15, 20.30, 23., 01.10. **A Roma con amor** 16.10, 18.15, 20.30, 23., 01.10.

**FERROL**  
**DÚPLEX.** (luns, pechado) **Shangai** 18., 22.45. **Silencio de hielo** 20.30, 22.45. **Los nombres del amor** 20.30. **El irlandés** 18.

**OURENSE**  
**CINEBOX.** (Xoves, día do espectador, última sesión fin de semana) **Total recall** 17., 19.40, 22.10. **Abraham Lincoln** 22.45. **Las aventuras de Tadeo Jones** 18.15, 20.15. **Desmadre de padre** 22.15. **Mátalos suavemente** 17.15, 20., 22.20. **Brave** 18., 20. **Los mercenarios 2** 22.50. **Atrapados en Chernóbil** 17.45, 20.30, 22.40. **Ted** 17.30, 19.50, 22. **A Roma con amor** 17.30, 20.10, 22.30. **Todos tenemos un plan** 17.40, 20.20.

**PONTEVEDRA**  
**CINEBOX.** (Xoves, día do espectador) **Abraham Lincoln** 19.15, 22.35, 00.45. **Brave** 17.30. **Los mercenarios 2** 22., 00.15. **Las aventuras de Tadeo Jones** 17., 19. **Total recall** 16.50, 19.25, 22., 00.40. **Ted** 18.10, 20.20, 22.30, 00.40. **Mátalos suavemente** 18.15, 20.20, 22.25, 00.30. **A Roma con amor** 17.30, 19.45, 22.45, 01.00. **The possession** (El origen del mal) 20.15, 22.15, 00.15. **Dredd** 17.15. **Contrarreloj** 18.30, 20.30, 22.30, 00.30.



**♈ ARIES**  
21.03 a 21.04

Hoxe gozará dun día moi entretido tanto no traballo como fora del. Agárdao unha sorpresa.

**♉ TAURO**  
22.04 a 21.05.

Non se asuste por certos comentarios que chegarán aos seus oídos. Non todo o que se di é verdade.

**>os  
astros**

Por Isabel Azevedo

**♊ XÉMINIS**  
22.05 a 21.06

No traballo, unha acción desafortunada dun compañeiro faralle ver que non todo é tan idílico.

**♋ CÁNCER**  
22.06 a 22.07

Non faga que o seu mal xenio acabe por crear un problema cun dos seus máis vellos amigos.

**♌ LEO**  
23.07 a 23.08

Sentirase moito mellor se asume a súa responsabilidade nese pequeno problema laboral.

**♍ VIRGO**  
24.08 a 22.09

Deixe a un lado o estrés e propóñase hoxe facer algo que @ saque da súa rutina.

**♎ LIBRA**  
23.09 a 23.10

Ten moitas cousas nas que pensar pero non poderás facelo se non fai un retiro duns días.

**♏ ESCORPIO**  
24.10 a 22.11

Pequenas dores nas articulacións estropearanlle o que será un día perfecto no traballo.

**♐ SAXITARIO**  
23.11 a 21.12

Concéntrase no seu traballo e deixe de darlle importancia a esa pequena discusión que tivo onte.

**♑ CAPRICORNIO**  
22.12 a 20.01

Se quere sentirse ben dedique parte do seu tempo libre a loitar por unha boa causa.

**♒ ACUARIO**  
21.01 a 18.02

Non sexa parv@ e aproveite a oportunidade que en breve lle darán para ampliar a súa formación.

**♓ PISCIS**  
19.02 a 20.03

Non deixe que ninguén lle estropee o maravilloso día de hoxe. Sentirase máis feliz que nunca.

**>otempo**

**Hoxe en Galicia**

**Ceos moi anubrados con precipitacións**



O ceo estará cuberto e haberá chuvias que nas comarcas atlánticas serán persistentes e localmente fortes. As temperaturas non experimentarán cambios significativos ou estarán en lixeiro descenso as máximas. Os ventos soprarán moderados do sudoeste, con intervalos fortes en todo o litoral norte.

**Temperaturas Galicia (onte)**

<b>A Coruña</b>	<b>21</b>	<b>14</b>
<b>Santiago</b>	<b>17</b>	<b>13</b>
<b>Ferrol</b>	<b>20</b>	<b>14</b>
<b>Pontevedra</b>	<b>18</b>	<b>16</b>
<b>Vigo</b>	<b>20</b>	<b>15</b>
<b>Lugo</b>	<b>16</b>	<b>12</b>
<b>Ourense</b>	<b>21</b>	<b>15</b>

**Temperaturas España (onte)**


Madrid	<b>21</b>	<b>14</b>
Barcelona	<b>29</b>	<b>23</b>
Bilbao	<b>23</b>	<b>17</b>
Valencia	<b>31</b>	<b>22</b>
Sevilla	<b>28</b>	<b>15</b>
Málaga	<b>29</b>	<b>21</b>



**Hoxe na Península**

Moi nuboso no noroeste con chuvias moderadas que se extenderán a outros puntos da metade oeste, aínda que de xeito máis feble. No resto da Península, os ceos estarán máis despexados.

**Mañá en Galicia**



**renfe**  
Nueva clase  
**Turista Plus**  
Disfruta de un mayor confort en tu asiento  
902 320 320 | www.renfe.com

**>asorte**

**primitiva sáb 22.09**

16 20 31 33 34 45  
COMPLEMENTARIO: 10  
REINTEGRO: 4

**lotería nacional sáb 22.09**

38.903

**bonoloto lun 24.09**

3 4 29 30 39 40  
COMPLEMENTARIO: 18  
REINTEGRO: 2

**el gordo dom 23.09**

9 17 27 34 47  
NÚMERO CLAVE (REINTEGRO): 9

**euromillones ven 21.09**

4 19 34 41 43  
ESTRELAS: 7-11

**once lun 24.09**

63.762

**PROFESOR BARO**  
MÉDIUM - GRAN CURANDERO  
Acción inmediata 100% eficaz  
Resuelvo todos los problemas: amor, pareja, familia, impotencia, trabajo, salud, negocios, deporte, suerte, mal de ojo, limpieza con la máxima eficacia, protección del mal con su alta potencia de todo tipo de magia.  
Llame al teléfono: 652 665 667 / SANTIAGO DE COMPOSTELA

**>otest**

1> ¿Quen substituíu a Stuart Sutcliffe e Pete Best na formación inicial da banda?  
a> Ringo Starr  
b> Paul McCartney  
c> George Harrison

2> 'Love me do' foi o primeiro sinxelo do grupo, ¿en que ano se publicou?  
a> 1961  
b> 1962  
c> 1963

3> ¿En que cidade alemá deron os seus primeiros concertos os de Liverpool?  
a> Berlín  
b> Hamburgo  
c> Múnic

**HOXE TOCA  
THE BEATLES**



4> ¿Que canción interpretaron no primeiro programa vía satélite para todo o mundo?  
a> 'All you need is love'  
b> 'Yesterday'  
c> 'Eleanor Rigby'

**Solución**  
1 a; 2 b; 3 b; 4 a; 5 c; 6 b; 7 c

5> En 1964 a banda estreou a súa primeira película, ¿como se chamaba?  
a> 'Help'  
b> 'Yellow Submarine'  
c> 'A hard day's night'

6> ¿En que ano foi gravado o aclamado 'Sgt. Pepper's Lonely Hearts Club Band'?  
a> 1966  
b> 1967  
c> 1968

7> ¿Cal foi o primeiro álbum do grupo editado por Apple Records?  
a> 'Abbey Road'  
b> 'Revolver'  
c> 'The white album'

**>osseteerros**



**>solución**

Maletas,  
paxaro,  
nube, rochas,  
manivela,  
boca, roda

**>osteléfonos**

**Urxencias**

Emerxencias SOS	112
Urxencias Sanitarias	061
Bombeiros	080
Policía Nacional	091
Policía Local	092
Garda Civil	062

**Hospitals**

Chuac (A Coruña)	981178000
Arquitecto Marcide (Ferrol)	981334000
Clínico (Santiago)	981950000
Meixoeiro (Vigo)	986811111
Xeral Cies (Vigo)	986816016
CH Montecelo (Pontevedra)	986800000
Hula (Lugo)	982296000
CH Ourense	988385500

**Transportes**

Lavacolla	981547500
Peinador	986487409
Alvedro	981187200
Renfe	902240202
Est. buses A Coruña	981184335
Est. buses Ferrol	981324751
Est. buses Santiago	981542416
Est. buses Pontevedra	986852408
Est. buses Vigo	986373411
Est. buses Ourense	988216027
Est. buses Lugo	982223985



PARAMOUNT CHANNEL

## A canle lanza o primeiro programa de produción propia: **Fotogramas TV**

O novo espazo achegará aos telespectadores cada semana todos os segredos do panorama cinematográfico. Borja Cobeaga, nomeado ao Goya como mellor director novel por *Pagafantas*, será o director do programa e o reco-

ñecido crítico Jordi Costa, o seu guionista. Ademais das estreas da semana, entrevistas e reportaxes, o programa incluíra seccións como *La zona caliente*, *Parecidos razonables*, *Los mil rostros de...* ou *La joya del archivo*.




00:00 &gt; ANTENA 3

## El poder de Youtube descubre as estrelas máis populares da Rede

A reportaxe descubrirá todos eses usuarios cuxa vida deu un xiro radical despois de converterse en fenómenos culturais grazas a Youtube, como Justin Bieber ou Rick Astley. O programa contará co testemuño de catro dos españois

que encabezan o *ránking* dos vídeos máis vistos: Xuso Jones, Kilian Martin, Nark-soul e Zorman. O espazo emítense dous días antes de que se celebre o YouFest, o festival da xeración Youtube onde colaboran artistas nacionais e internacionais.



## &gt;TVG

08:00 Bos días  
10:20 A cociña de André  
10:45 Acurrallada  
11:30 Valderrei  
12:35 Calendario extravagante  
12:40 A revista  
13:45 Galicia noticias  
14:25 Telexornal mediodía  
15:30 Reportaxes Vivir aquí  
16:00 Cifras e letras  
16:30 Libro de familia  
17:45 A nanny  
18:15 Hamburgo 112  
19:00 A revista da tarde  
20:15 Estado do mar  
20:20 Informativo local  
20:30 Galicia noticias serán  
21:00 Telexornal serán  
22:00 Era visto  
22:25 Se as vacas falaran  
22:50 Top 10  
23:40 Matalobos  
01:00 Cine feito en Galicia: Pradolongo

## &gt;TVE1

06:00 Noticias 24h  
06:30 Telediario matinal  
09:00 Los desayunos de TVE  
Con María Casado  
10:15 La mañana de La 1  
14:05 Informativo territorial  
14:30 Corazón  
15:00 Telediario 1  
16:05 Informativo territorial  
16:30 Amar en tiempos revueltos  
17:25 Amor real  
18:30 +Gente  
Con Anne Igartiburu  
21:00 Telediario 2  
22:30 Españoles en el mundo  
Taiwán  
Liverpool (r)  
00:20 Buscamundos  
Las Vegas, ciudad de mentira  
01:20 Repor  
Los últimos paraísos  
01:50 Un mundo aparte  
02:45 La noche en 24 h

## &gt;LA2

09:00 Bidiario  
09:05 Babel en TVE  
09:30 Aquí hay trabajo  
10:05 La aventura del saber  
11:00 Grandes documentales  
12:00 Para todos La 2  
13:35 Documentos TV  
14:40 El canal de Castilla  
15:35 Saber y ganar  
16:05 Grandes documentales  
17:00 El hombre y la tierra  
18:00 Docufilia  
18:55 Bidiario  
19:00 Para todos La 2  
19:30 Programa de mano  
20:00 Zoom tendencias  
20:15 Frasier  
21:00 Docufilia  
22:00 Versión española  
El año de las luces  
00:10 La 2 noticias  
00:35 50 años de...  
01:05 Docufilia  
01:55 Conciertos de Radio 3

## &gt;ANTENA3

06:15 Noticias de la mañana  
09:00 Espejo público  
12:00 Karlos Arguiñano en tu cocina  
12:30 La ruleta de la suerte  
14:00 Los Simpson  
15:00 Antena 3 Noticias 1  
15:45 Deportes  
16:00 Tu tiempo con Roberto Brasero  
16:15 Bandolera  
17:15 El secreto de Puente Viejo  
18:30 Ahora caigo  
19:45 Atrapa un millón. Diario  
21:00 Antena 3 Noticias 2  
21:30 Deportes  
21:35 El tiempo  
22:00 El hormiguero 3.0  
Con Pablo Motos  
22:30 Érase una vez  
00:00 El poder de Youtube  
01:00 Sin rastro  
01:45 World poker tour

## &gt;TELE5

06:30 Informativos Telecinco  
08:55 El programa de Ana Rosa  
12:45 Mujeres y hombres y viceversa  
14:30 De buena ley  
Programa presentado por Sandra Barneda.  
15:00 Informativos Telecinco  
Presentado por David Cantero, Isabel Jiménez e Sara Carbonero.  
16:00 Sálvame diario  
Programa presentado por Jorge Javier Vázquez.  
20:00 Pasapalabra  
Concurso presentado por Cristián Gálvez.  
21:00 Informativos Telecinco  
22:00 Hay una cosa que te quiero decir  
Presentado por Jorge Javier Vázquez.  
02:00 Premier casino

## &gt;CUATRO

08:15 Top Gear  
09:15 Alerta cobra  
10:15 Rush  
12:30 Las mañanas de Cuatro  
14:00 Noticias Cuatro  
14:50 Deportes Cuatro  
Presentado por Manu Carreño e Manolo Lama.  
15:45 La selva en casa  
Con Frank Cuesta  
16:45 Frank de la jungla  
17:45 Fauna letal  
18:45 Malas pulgas  
20:00 Noticias Cuatro  
21:00 Deportes Cuatro  
21:30 Lo sabe, no lo sabe  
22:30 Spartacus. Dioses de la arena  
Pater familias  
23:15 Spartacus. Sangre y arena  
Leyendas  
La fosa  
Juegos en la sombra

<b>EL DORADO</b> C/ Nicaragua, 14 bajo. 36203 VIGO (zona Plaza Elíptica) Tel. 986 134 201 - 655 803 979 <b>Valoraciones a domicilio</b>	<b>COMPRO</b> <b>ORO</b> <b>MÁXIMA DISCRECIÓN</b>	<b>KKERATIO</b> Joaquín Costa, nº2-C PONTEVEDRA Telf: 655 80 39 84 <b>Tasaciones a domicilio</b>
---	---	--

## &gt;LASEXTA

07:00 LaSexta en concierto  
08:15 Éste es mi barrio  
09:10 Crímenes imperfectos  
10:35 Crímenes imperfectos: Ricos y famosos  
11:30 Informe criminal  
12:25 Al rojo vivo  
Espazo de debate  
13:55 LaSexta Noticias  
15:00 LaSexta Deportes  
15:35 El millonario  
Concurso presentado por Nuria Roca.  
16:20 Bones  
18:05 Numbers  
El topo  
Tráfico sangriento  
19:55 LaSexta Noticias  
20:55 LaSexta Deportes  
21:45 Champions for África.  
Homenaje a Kanouté  
23:40 Cone  
Commando  
01:25 ¿Quién vive ahí?

## &gt;ENBREVE

**TELELUGO**  
11:00 Televentas 11:30 Luciana y Nicolás 12:30 La cocina de Subijana 13:00 Televentas 13:30 Un día en la vida de... 14:30 La pesca en España 4 15:30 Más vivir 16:30 Televentas 17:00 Coccinella 17:30 Kyashan 18:00 Chiloe 2 18:30 Oficios tradicionales 4 19:00 Corazones de oro 20:00 Chiloe 3 20:30 Televentas 21:00 Palabras a medianoche 21:30 Novas 22:00 Entrevista a Beatriz Mato 23:00 Territorio Comanche 00:00 Novas

**PARAMOUNT CHANNEL**  
17:10 El último tren de Gun Hill 18:50 Gandhi 22:00 Hasta que llegó su hora 01:05 Inocentada sangrienta

**DFD**  
16:30 La que se avecina 18:15 Escenas de

matrimonio 20:05 Aída 22:30 New girl 23:45 La que se avecina

**LA SEXTA 3**  
15:30 La noche de los gigantes 17:35 Todo cine 18:20 Mi pie izquierdo 20:20 Cube 2. Hypercube 22:00 Darkness 23:45 Saw IV

**ANTENA NEOX**  
15:45 Big bang 17:35 Cómo conocí a vuestra madre 18:50 Dos hombres y medio 20:25 American Dad 21:15 Los Simpson 22:05 Cleveland show 22:50 American dad

**TVG2**  
17:10 Xabarin Tarde 20:25 Chuck 21:05 ZigZag diario 21:30 Galicia noticias serán 21:55 Telexornal serán 22:50 Terra de Miranda 01:00 Telexornal noite 01:10 Dragón Z

## &gt;omellordocineentelevisión



22:00 &gt; PARAMOUNT CHANNEL

### Hasta que llegó su hora ★★★

Director: Sergio Leone.  
Intérpretes: Claudia Cardinale, Charles Bronson, Henry Fonda, Jason Robards, Gabriele Ferzetti. Italia. 1968. 165 m.  
Brett McBain é un granxeiro viúvo que vive cos seus fillos nunha zona pobre e desértica do Oeste. Está a preparar unha festa

de benvida para Jill, a súa futura esposa, que vén desde Nova Orleans. Pero cando ela chega atópase con que unha banda de pistoleiros matou a McBain e os seus fillos.

22:00 &gt; LA 2

### El año de las luces ★★

Director: Fernando Trueba.  
Intérpretes: Jorge Sanz, Maribel Verdú, Manuel Alexandre, Lucas Martín, Verónica Forqué, Santiago Ramos, Chus Lampreave. España. 1996. 103 m.  
Dous rapaces con síntomas de tuberculose son enviados a un sanatorio preto da fronteira portuguesa. Duante a súa estancia alí, Manolo vive o seu despertar sexual cando observa á súa enfermeira espirse cada noite.

Cando é despedida, Manolo namórase de María Jesús, unha rapaza da vila.

22:00 &gt; LA SEXTA 3

### Darkness ★★

Director: Jaume Balagueró.  
Intérpretes; Anna Paquin, Lena Olin, Iain Glen, Giancarlo Giannini, Fele Martínez, Fermi Reixach, Stephan Enquist. España. 2002. 102 m.  
Unha familia acaba de instalarse nunha casa onde algo escuro e antigo permanece inmóvil. Agarda, agachado na penumbra, durante anos trazando plans. Só nela pode manifestarse e desprazarse. Vive na casa desde que alguén tratou de invocalo hai máis de corenta anos. Os novos inquilinos son o branco perfecto para el.





## SE NECESITAN TRABAJADORES EN EL SECTOR EÓLICO

**HAZTE TÉCNICO PROFESIONAL  
EN MANTENIMIENTO DE  
PARQUES EÓLICOS**

- CURSO PRESENCIAL EN TU CIUDAD
- PRÁCTICAS REALES
- EXPEDICIÓN DE CERTIFICADO EN PREVENCIÓN DE RIESGOS PARA PARQUES EÓLICOS *(ACREDITACIÓN EN FORMACIÓN DE DESCENSO Y RESCATE, PRIMEROS AUXILIOS Y CONTRAINCENDIOS)*
- SE GESTIONARÁ CURRÍCULUM CON LAS PRINCIPALES EMPRESAS DEL SECTOR.

---

**INFÓRMATE. COMIENZO CURSO SEPTIEMBRE. PLAZAS LIMITADAS**

---

**Llama gratis al 900 103 226 o al 698 155 496**

---

Miembros de:   
Asociación Empresarial Ética

**Salvacor**   
LA FORMACIÓN DONDE SE NECESITE